

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 20

SESION ORDINARIA DO 25 DE OUTUBRO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Veloso Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martiño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota
Romero Rodríguez, Begoña

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e once minutos do día vinte e cinco de outubro do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnense os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martiño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse, Rivas González, Rodríguez Díaz, Romero Rodríguez e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA

conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello convocado por orde do día do 21 de outubro que está en poder dos Sres. e Sras. Concelleiros. Ábrese sesión pública e procedemos coa orde do día.

PARTE RESOLUTIVA

1.- (240).- ACTAS ANTERIORES. (SESIÓN ORDINARIA DO 28.06.2010).

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar a acta do Pleno da Corporación correspondente á sesión ordinaria que tivo lugar o día 28 de xuño de 2010.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

Non se formulan.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.1.- (241).- DAR CONTA DO ESTADO DE EXECUCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE 2010. EXPTE. 11682/140.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 13 de outubro de 2010 polo Sr. interventor xeral do Concello:

S.Ordinaria 25.10.10

“En cumprimento do previsto no artigo 207 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, Regra 105 da ORDE EHA 4041/2004, do 23 de novembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local, a Base 3ª das de execución orzamentaria para o ano 2010, normativa que regula a periodicidade de remisión de información ao Pleno sobre a execución orzamentaria, establece que *“Trimestralmente, a Intervención Xeral Municipal ou o órgano que teña atribuída a función de contabilidade, remitiralle ó Pleno da Corporación, por conduto da Alcaldía-Presidencia, información da execución dos orzamentos dos estados de gastos e ingresos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación”*.

A información que se remite corresponde ao terceiro trimestre, habéndose remitido por conduto da Presidencia segundo informe desta Intervención Xeral de 9 de marzo e 13 de xullo, os estados de execución do primeiro trimestre e primeiro semestre, recollendo nos citados estados a información relativa aos rexistros dos feitos contables ata o 31 de marzo e 31 de xuño, respectivamente, do ano 2010.

A información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada.

En canto aos estados que recollen os movementos de tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e a súa situación, remítense o estado de tesourería recollendo o saldo inicial, cobros, pagos e saldo final.

Remítense igualmente os estados non orzamentarios de tesourería tanto de debedores, acredores e partidas pendentes de aplicación, na que se reflicte a situación inicial, cobros e pagos así como a situación final.

En canto aos estados consolidados, a información orzamentaria confórmaa un resumo por capítulos da liquidación dos estados do orzamento de gastos e ingresos, tanto a nivel económico como por fases contables, así como o gráfico representativo da situación á data referenciada. As institucións consolidadas son: A Entidade Local, o Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Parque das Ciencias Vigo Zoo, Instituto Municipal dos Deportes e Escola Municipal de Artes e Oficios.

Achégase igualmente un estado consolidado relativo á recadación e pagamentos tanto de presuposto corrente como de pechados.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 18 de outubro, tomou coñecemento do presente expediente.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis estamos perante este Pleno para

falar de algo que non lle gusta ao partido Popular e onde se sente especialmente incómodo coma é o estado de execución do presuposto. É incómodo porque nel falamos de transparencia, de xestión e de realidades.

Este goberno non só foi o único capaz de aprobar tres presupostos seguidos senón que cada tres meses da conta dos feitos, das cifras e do realizado na cidade na maior proba de transparencia que contrasta co escurantismo do Partido Popular quen, infrinxindo a Lei de facendas locais, non daba conta ó Pleno do realmente realizado porque o Partido Popular si tiña moito que agochar. Este goberno cada tres meses dá a cara e pon sobre a mesa todo o realizado e as promesas cumpridas porque o estado de execución é a proba da xestión, de como o goberno xestiona os recursos, os tributos dos cidadáns e devólvellos en prestacións, en servizos, en investimento, en definitiva en maior benestar e en xeración de emprego.

Unha vez máis os datos volven seren claros e contundentes. O 77,92% dos ingresos previstos nos orzamentos de 2010 xa se ingresaron demostrando a capacidade que ten este goberno para facer un orzamento prudente e coherente coa situación económica actual. O 65% do gasto xa está comprometido, é dicir, máis de 200 millóns de euros en obras e servizos na cidade para todos os vigueses e viguesas. O 60% do investimento xa está contratado e o 35% executado, é dicir, máis de 55 millóns de investimentos en obras que se están realizando. O 96,7% dos pagamentos xa se realizaron o que demostra o bo estado de tesourería que recolle nestes momentos nas súas arcas máis de 78 millóns de euros. Estas son só algunha das cifras pero son cifras que amosan realidades.

O Partido Popular dirá unha vez máis que nos repetimos. Si, repetímonos, porque dende o primeiro día este goberno traballou polos seus cidadáns ofrecéndolles servizos, facendo obras e xerando emprego. Así, unha vez máis, temos que falar de humanizacións masivas por toda a cidade: Tomás Alonso, Padre Don Rúa, Bolivia, Doutor Cadaval, rúa Lugo, Perú, López Mora, Pi i Margall, Santodomingo, Condesa Casa Bárcena, San Salvador, Pizarro, Celso Emilio, as garderías de Casiano Martínez e Tomás Alonso, o parque de Pereiró, Santa Cristina, os xardíns do Castro, a alameda de Bembrive, o carril-bici de Castelao, os campos de

deporte de Valladares, etc.

Pero tamén podemos falar de bolsas de inglés para os nosos estudantes para que entren en mellores condicións no mercado laboral, de parques infantís para o uso dos máis pequenos como os inaugurados en Navia, A Florida, Zamáns, Samil, Mestre Montes, Ernesto Lecuona, Aguilera; pistas deportivas tamén para os nosos mozos, ou bio-saudables para os maiores. A asistencia domiciliaria ós nosos dependentes, as bolsas de comedor, a recuperación do Casco Vello, pero tamén das nosas praias como as da ETEA en Teis; bancos para o descanso dos maiores, apoio ó pequeno e mediano comercio, promoción do turismo.

Estas son só algunhas cifras e algúns feitos que están detrás deste terceiro orzamento deste goberno: aposta pola educación, polo social, polos investimentos e en definitiva pola xeración de emprego, porque ese é o obxectivo principal que motivou este terceiro orzamento. Nada lle gustaría máis a este goberno que a Xunta do Partido Popular investise en Vigo para xerar emprego; nada nos gustaría máis que a Deputación do Partido Popular investise en Vigo para xerar emprego. Pero non está sendo así. A maioría dos plans de emprego da Xunta van outros concellos gobernados polo Partido Popular gracias a mocións de censura e á Deputación nin está, nin se lle espera.

É por iso que o alcalde de Vigo se puxo á cabeza da loita por eliminar o desemprego nesta cidade presupostando investimentos por máis de 93 millóns de euros no ano 2010, o que permitirá xerar máis de 8.000 empregos nesta cidade. Cantos empregos está xerando a Xunta en Vigo? Canto está investindo a Xunta en Vigo? Nada e coa complicidade do Partido Popular.

Os socialistas de Vigo si que defendemos á nosa cidade e aprobamos uns orzamentos con investimentos, con aposta por educación, benestar social e sobre todo polo emprego, porque somos a cidade menos endebedada de España, a de menor carga fiscal de toda Galicia e a que máis inviste nos seus cidadáns e os datos que hoxe traemos aquí nolo demostran: 300 millóns de euros de orzamento, 200 millóns xa comprometidos en obras e servizos, 55 en investimentos e pagamentos por un 96,64%.

SR. CONDE GIL: Sra. Díaz, a verdade é que vostede podería poñer unha gravación

do anterior Pleno no que tratamos este tema e entón podería obviar falar e quizais aforraría en saliva.

Vostedes son presumidos, prepotentes, opacos e os campións do desemprego. Iso é o que son. Vostede ó que ven aquí é a mentir ó Pleno, e o que é aínda peor, a mentirlles ós vigueses e ás viguesas porque mesmo manipula os datos que aparecen no estado de execución deste terceiro trimestre. Hai que ter cara dura política para vir aquí e dicir que estes son uns orzamentos xeradores de emprego cando na cidade hai 11.000 parados máis dende que gobernan vostedes, cando o Sr. Caballero dixo que o paro sería historia, que colgaría na porta deste Concello o cartel do pleno emprego. Non só non o colgou, senón que cada día hai máis desempregados na cidade, como debería saber vostede. O que pasa é que igual está no mundo da fantasía, da música da rúa e esquece vostede a realidade de moitas familias que están a pasar verdadeiras necesidades nesta cidade.

Fala vostede sempre do mesmo, das humanizacións masivas. Pero o problema que teñen vostedes e que se presentaron cun programa, que ó final supón un problema para os vigueses e as viguesas, que non poden cumprir porque o teñen que substituír por un acordo marco de goberno que é papel mollado, que ningún ou case ningún dos puntos que existen no mesmo cumpríronse e, Sra. Díaz, ese é o seu problema.

Hoxe podemos ler nun medio de comunicación: "Caballero se empeña nas beirarrúas e marxina os proxectos claves para Vigo". O Sr. Alcalde hai dúas semanas fixo o ridículo e criticárono alcaldes do seu signo político e do Bloque Nacionalista Galego por non asistir á reunión da Área Metropolitana. A depuradora logrouse desatascar gracias á Xunta de Galicia, a Carta municipal de Vigo que presentou como o gran proxecto, que mesmo hai unha fotografía cun cartel que fixo *ad hoc*, onde está? Vostedes menten dicindo que lla deron á Xunta de Galicia. Vostedes sempre lle dan todo ó presidente da Xunta de Galicia e non fan nada.

O colexio Altamar ou a cidade da xustiza están sen solución. Vostedes non lle facilitan as cousas a quen ten o diñeiro para investir, poñen o pau na roda do progreso de Vigo porque lles interesa electoralmente facelo. Vostedes están nun enfrontamento co Partido Popular e é o que queren facer, non queren facer outra

cousa, dálles igual Vigo, dánlles igual os vigueses e as viguesas, o desemprego, que haxa cidade da xustiza, póñense en fronte do hospital do que logo se falará. Non se poñen de acordo vostedes nin cos seus compañeiros de partido.

Ven agora dicir que nas arcas hai 78 millóns de euros cando no seu día nos criticaron e dixeron que deixáramos sen remanentes a tesourería do Concello de Vigo mentindo unha vez máis. Ó final o tempo acaba poñendo a cada quen no seu sitio e estáos a poñer a vostedes tamén.

Son un goberno ineficaz, pouco transparente, autoritario, non lles importa o que diga a voz da maioría dos vigueses que somos nós, porque vostedes non repasan os resultados electorais. Por favor, polo menos se queren que outra administración lles dea unha subvención para algún organismo, pídana porque están a pechar todos os servizos de emprego desta cidade. Sábeo, Sra. Díaz porque nin sequera se presentan ás subvencións. Que se ría o Sr. Rodríguez Díaz, pero non sei que vai facer o ano que ven cando teña pechados todos eses servizos. O gran sindicalista desta cidade vai botar á rúa a moita xente e vai pechar un servizo fundamental que leva moitos anos aberto na cidade e que é xerador de emprego.

Ó Sr. Caballero o único que lle preocupa é a fotografía no xornal, o titular, pero os cidadáns xa non lle van querer máis titulares, Sr. Caballero, non o van crer porque se colle antes a un coxo por mentireiro que por coxo e vostede é un mentireiro e o seu goberno é o goberno da mentira. Fala dos parques infantís cando ó que se dedicaron foi a cambiar os letreiros dos parques que deixou feitos a Deputación de Pontevedra e poñer "Alcaldía". Viven vostedes obsesionados polos letreiros, polos pianos, polos quartetos e sabe Deus polo que virá de agora en diante e xestión ningunha, claro.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: De novo o Partido Popular volve estar na súa liña. As primeiras palabras que dixo foron insultos: presumidos, prepotentes e opacos. Está facendo o Sr. Conde do Partido Popular aquí o mesmo que fixo onte o presidente da Xunta en Vigo: insultar ós vigueses e viguesas pero especialmente insultar ó alcalde.

Logo falou novamente da manipulación de datos. Eses datos son todos datos

contables, a non seren que vostede diga que é unha contabilidade falsa, que ó mellor vostedes son expertos niso, en dobre contabilidade. Todos os datos figuran exactamente aquí e están dispoñibles na páxina web para todo o mundo, todo o gasto que está autorizado, toda a recadación, os dereitos recoñecidos..., está absolutamente todo. Vostede non pode negar nin un só dos datos que hai aí.

Por suposto que se meteu vostede coa xeración de emprego. Son 8.000 empregos creados por este goberno. Diso é do que pode falar o Sr. Caballero. Cantos empregos creou a Xunta?

Que é o que non lle gusta? Que fagamos cousas na cidade e por iso están vostedes enrabechados. O que non lles gusta é que esteamos facendo centos e centos de obras repartidas por toda a cidade, que son as que estamos facendo este ano.

Si, gustaríanos levar a música á rúa, Sr. Conde, para que a escoiten todos os cidadáns. Vostede acaba de chamar “callexeiros” a todos os cidadáns porque a música é de toda a cidade. Lémbrolle que cando o Sr. Núñez Feijóo inaugurou A Florida gastou 12.000 euros, que cando a Sra. Porro inaugurou a Praza de Portugal gastou 15.000 euros nun decorado que só durou un día. Nós inauguramos con música para todos. A vostedes o que lles gustaría é prohibir a música na rúa, gustaríalles prohibir a cultura porque esa é a súa cultura. A súa cultura foi recualificar a Panificadora para que non puidera ser de uso público e darlla a uns amigos. Esa é a súa cultura e a súa preocupación.

A nosa preocupación é traballar polos vigueses e viguesas e estamos traballando. Falou de grandes proxectos e eu dígolle grandes proxectos: o AVE que a Sra. Porro fixo que pasara por Santiago antes de vir Vigo; fálolle tamén da depuradora que se conseguiu gracias a que o Ministerio introducira toda a cantidade de diñeiro. Con respecto á cidade da xustiza lémbrolle que foron vostedes, cando gobernaba a Xunta de Touriño, quen solicitaron esa forma de expropiación dos terreos que agora implica os atrasos. Con respecto ó hospital foron vostedes quen decidiron que fose pagado con financiamento privado.

De todo o anterior, a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación.

3.2.- (242).- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA Nº 117/2010, CRÉDITO EXTRAORDINARIO. EXPTE. 57541/301.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data 14 de outubro de 2010, a concelleira-delegada de Economía e Facenda faille a seguinte proposta ó Pleno da Corporación:

“En execución do Decreto do Sr. Alcalde-presidente do 11 de outubro, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº 117/2010, que está conformado da seguinte documentación acreditativa: memoria xustificativa e Resolución da alcaldía Presidencia, na que se acredita a inaprazabilidade dos investimentos que hai que acometer.

Á vista da documentación, para a continuación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art. 123.h da Llei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e art. 177.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL), aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. interventor xeral municipal, formúlase ó Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a modificación orzamentaria nº 11772010 por un importe de 345.000 euros, co desglose e aplicación que figura na Resolución da Alcaldía-Presidencia do 11 de outubro e que se reproduce, así como a memoria motivadora da tramitación do expediente.

En cumprimento do previsto no art. 177. 4 do TRLRFL, a partida que é obxecto das aplicacións de recursos é a seguinte:

Aplicación	Denominación	Crédito a minorar
2310.622.00.01	Const. CC Sociais en S. Roque	345.000,00 €.
Total orixes financiamento		345.000,00 €.

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria 117/2010 por un importe de 345.000 euros, ten a súa orixe en baixa doutra partida, na que a propia memoria xustifica a súa minoración.

Partida/proxecto	Concepto	Crédito a minorar/euros
3360.619.00.02	Liq. das obras de Teófilo Llorente	54.358,09 €
3410.619.00.05	Rec. extraxudicial saneamento inst. deport.	187.293,29 €

3340.629.00.01	Adq. escáner fotográfico arquivo Pacheco	21.228,20 €
3331.632.00.00	Obras emerxencia Verbum	53.767,23 €
2310,63	Mobiliario centros s. sociais	28.353,19 €
Total crédito extraordinario modificación 117/2010		345.000,00 €

Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria polo Pleno da Corporación, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os que os interesados poderán interpoñer reclamacións.

De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente (MC 117/10) entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De presentarse reclamacións, estas resolveranse polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas, así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria, ó citado órgano.”

No expediente figura o informe da Intervención Xeral municipal de data 14 de outubro de 2010.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do día dezoito de outubro do 2010, ditaminou favorablemente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a modificación orzamentaria nº 117/2010 (Expte. 57541/301) proposta pola concelleira-delegada de Economía e Facenda co texto que figura nos

antecedentes deste acordo.

3.3.- (243).- INCREMENTO DAS PARTIDAS 3420.1300102 E 3420.1300101 DO INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES. EXPTE. 9830/333.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 11 de outubro de 2010, conformado polo secretario da Xunta Reitora do IMD e polo interventor xeral, o director técnico do IMD emite informe-proposta co seguinte contido:

“O Presidente do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, con data 11 de outubro pasado., ditou orde de servizo para a instrución da proposta ó órgano municipal competente, ó obxecto de incrementar as partidas 3420.130.0102 por importe de 41.000,00 euros, e 3420.130.0101 por importe de 10.000,00 euros.

1.- O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ó sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1.e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Na data de hoxe na partida presupostaria de produtividade non existe crédito suficiente, de xeito tal que segundo os cálculos efectuados se estima necesario incrementar a partida en 41.000,00 euros, permitindo así facer fronte ás obrigas económicas ata finais do presente exercicio presupostario.

2.- Das gratificacións en concepto de horas extraordinarias, nocturnidade e festividade.

As gratificacións están relacionadas directamente coas condicións económicas e sociais dos traballadores. O pleno da Corporación do Concello de Vigo de data 31 de marzo de 2006, aproba con carácter definitivo a modificación puntual do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ó

servizo do Concello e con efecto de 1 de xaneiro de 2005.

Os devengos retributivos en concepto de gratificacións forman parte das retribucións complementarias dos funcionarios públicos, como así recolle o artigo 23.3.d) da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública.

O art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado, límites que foron fixados a través do RD 861/1986. No vixente orzamento correspondente ó presente ano 2010, aprobado polo pleno da Corporación Municipal, na partida 3420.1300000-Retribucións existe un saldo a día de hoxe de 628.312,01 €. Tendo en conta as previsións de gastos computables a dita partida ata o 31 de decembro de 2010, ascenden estes a 538.312,01 €, polo que existirá un crédito de 90.000 € dispoñible. Considérase que a través dunha modificación orzamentaria, autorizada polo órgano competente, poderíase incrementar o saldo das partidas de produtividade e gratificacións tal e como propón o presidente do Instituto Municipal dos Deportes nun importe máximo para as dúas partidas de 51.000,00 € cos créditos sobrantes na partida 3420.130.00.00. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que as contías complementarias se reflicten para cada exercicio no orzamento de cada administración local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ó Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local (LBRL).
- Lei 30/1982, do 2 de agosto, de reforma da función pública (LRFP).
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o réxime retributivo dos funcionarios das administracións locais (RD 861/1986), modificado por RD 168/96, do 2 de febreiro.
- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL). Arts. 179 e 180.

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito do presidente do organismo autónomo municipal dos Deportes, o incremento do crédito existente ó obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito.”

A seguir o director-técnico do IMD, fai a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A Intervención Xeral emite o preceptivo informe de fiscalización con data 13 de outubro de 2010.

A Xunta Reitora do Instituto Municipal dos Deportes, en sesión extraordinaria e urxente realizada o día 15 de outubro, acorda aprobar a proposta do director-técnico do IMD.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de outubro de 2009, emite ditame favorable.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a implementación de créditos da partida 3420. 130.01.02 - produtividade- en (41.000€) e 3420.130.01.01 gratificacións en (10.000,00€) aplicando os créditos non consumidos durante a presente anualidade na partida 3420.130.00.00 por unha contía global de 51.000,00 €.

Segundo.- Instar ó órgano competente do Organismo Autónomo Municipal dos Deportes para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente, transferencia de crédito ás partidas 3420.130.01.02 produtividade e 3420.130.01.01 gratificacións (horas festivas, extraordinarias e nocturnas) con cargo á partida 3420 130.00.00 retribucións, ó abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais.

3.4.- (244).- PROPOSTA DE APOIO Á CANDIDATURA DE INGRESO DE D^a M^a XOSÉ QUEIZÁN VILAS NA REAL ACADEMIA GALEGA. EXPTE. 4606/224.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de outubro de 2010 a xefa do servizo de Igualdade

S.Ordinaria 25.10.10

coa conformidade da concelleira de área, emite o seguinte informe:

“Na sesión realizada o día 14 de setembro de 2010 o Consello Municipal da Muller acordou solicitar o ingreso de D^a M^a Xosé Queizán Vilas na Real Academia Galega. Para a consecución deste acordo na devandita sesión aprobouse constituír unha comisión de traballo no seo do Consello que tivese como finalidade reunir os numerosos méritos da escritora e apoiar a súa candidatura de ingreso na RAG.

Reunida a comisión de traballo o día 24 de setembro de 2010, acórdase, entre outras propostas, solicitar ó Pleno da Corporación municipal o apoio a esta candidatura...”

A seguir a xefa do Servizo de Igualdade fai a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión informativa de Xestión Municipal en sesión ordinaria realizada o día 18 de outubro de 2010 ditamina favorablemente.

INTERVENCIÓN DA SRA. VELOSO RÍOS: Na sesión realizada o día 14 de setembro de 2010, o Consello Municipal da Muller acordou solicitar o ingreso de D^a M^a Xosé Queizán Vilas na Real Academia Galega. Para a consecución deste acordo aprobouse na devandita sesión constituír unha comisión de traballo no seo do Consello Municipal da Muller que tivese como finalidade reunir os numerosos méritos da escritora e apoiar a súa candidatura de ingreso na Real Academia Galega. Reunida a comisión de traballo o día 24 de setembro acórdase, entre outras propostas, solicitar ó Pleno da Corporación municipal o apoio a esta candidatura.

A escritora e feminista, M^a Xosé Queizán, foi elixida polo Consello Municipal da Muller como digna candidata para forma parte desta ilustre institución e o Consello, como a xente das políticas de igualdade deste Concello, levou a consenso a proposta de acadar unha maior representación das mulleres na Real Academia Galega, na actualidade integrada só por catro mulleres logo do recente pasamento de Olga Gallego Domínguez.

A resolución do Consello valorou o labor extenso a prol da nosa cultura e a nosa lingua de M^a Xosé Queizán consolidada nas súas diversificadas facetas como intelectual, docente e activista a prol dos dereitos das mulleres na nosa

sociedade e damos por feito que a institución da Real Academia Galega terá a ben considerar.

A actividade de M^a Xosé Queizán comeza de ben nova con colaboracións no xornal “El Pueblo Gallego” de Vigo e continuou publicando artigos en prensa no prestixioso semanario “Triunfo”. Ben entrados os anos da democracia plasmou o seu estilo satírico e incisivo nas páxinas de “Faro de Vigo”, “La Voz de Galicia” e “A Nosa Terra”.

A preocupación de M^a Xosé pola lingua galega, en paralelismo coa desigualdade á que estaba sometida a muller na nosa terra, inspirou un dos máis brillantes e dende logo pioneiro ensaio “A muller en Galicia” que o desleixo político nestes ámbitos o poñen novamente de actualidade.

A escritora entrou no ámbito novelístico coa súa obra “A orella no buraco”, iniciándose na rota dun movemento literario vangardista impregnado das correntes en voga en Francia que dará como froito a nova narrativa galega. O alento desmitificador desta literatura concretouse no seu escrito “A nova narrativa e a loita contra o sentimentalismo” publicado en Grial no ano 1979 que, como ben dixo Queizán, “lonxe de seren un produto importado ten os alicerces nas nosas raíces históricas”.

Non existe xénero, nin modalidade literaria que non tentara a M^a Xosé Queizán. Nos 90 estréase na poesía con “Metáfora de metáfora” ó que seguirán outros títulos como “Despertar das amantes”, “Fóra de min” e máis recentemente “Cólera”. Da súa poesía conceptual a de “Proclamas revolucionarias”, pasando pola de compromiso social polos seres marxinados do sistema e as que ela denomina “Exiliadas da palabra”.

Co xénero teatral mergúllase nos mitos clásicos para reconstruílos e emprazalos na realidade histórica galega, como na súa “Antígona, a forza do sangue” e enfrontará temas de actualidade como na sarcástica comedia “Neuras”, levada á escena recentemente.

Detrás da súa obra, da imaxe pública de M^a Xosé Queizán, está o que facer discreto. A súa atención desinteresada de demandas sociais, o seu activismo cultural que a levou a percorrer miles de quilómetros polos camiños galegos como os seus antecesores das Irmandades da Fala, militando pola nosa cultura e

a lingua galega nas máis recónditas aldeas e tamén fóra das nosas fronteiras. Un compromiso de militancia íntimo e radical que moi a miúdo relegou nas marxes dos focos e dos galardóns.

Estas moi breves pinceladas que a penas reflicten o valor humano e intelectual de M^a Xosé Queizán, pretenden ser unha chamada ás portas da Real Academia Galega para que teñan en conta a presenza das mulleres e que esta institución sexa realmente unha institución coa que as mulleres e os homes galegos se sintan identificados.

Queremos pedir o apoio da Corporación municipal, ademais nestes momentos a presenza das mulleres nas institucións, tendo tamén capacidade e poder de decisión, é máis importante ca nunca.

Tamén fago un chamamento a que todas aquelas persoas que o desexen visiten a páxina web da concellería para se poder adherir, ben como persoas individuais ou como colectivos e apoiar esta candidatura de M^a Xosé Queizán Vilas a formar parte da Real Academia Galega.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e sete membros presentes da Corporación, que a constitúen de feito e de dereito,

ACORDASE:

Aprobar a candidatura de ingreso de D^a M^a Xosé Queizán Vilas na Real Academia Galega promovida polo Consello Municipal da Muller.

3.5.- (245).- INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DO PEPRI CASCO VELLO PARA O ÁMBITO DEFINIDO COMO A PANIFICADORA. EXPTE. 997/400.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de outubro de 2010 o secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo emite o seguinte informe xurídico:

“En data 18.10.10 a xerente municipal de urbanismo, dirixe escrito a esta oficina no que se solicita informe sobre os seguintes extremos: “(...) *informe xurídico sobre o procedemento previsto legalmente para a alteración do contido do PEPRI*

S.Ordinaria 25.10.10

do Casco Vello para o ámbito, incluso establecer a proposta de suspensión de licenzas (...)”.

O 12.04.07 o Pleno do Concello de Vigo, deu aprobación ao denominado “PEPRI do Casco Vello de Vigo” (expte 7888/411). Entre as súas determinacións, consta a ordenación dun ámbito denominado como “Panificadora” como solo urbano consolidado.

A proposta de convenio subscrita entre o Concello de Vigo e as entidades “Vicus Gestión S.L.”, “Compañía Viguesa de Panificación, S.A.” e “Promociones Montelouro, S.A.” e que foi incorporado á tramitación do PEPRI, contén as seguintes estipulacións:

- Necesidade de solicitar licenza única para o conxunto da actuación a través dun proxecto básico ordenador da toda edificación a situar na parcela privada.
- Cesión da parcela na que se localizan o conxunto dos silos -onde se pode situar unha dotación pública- e unha zona dotacional e zona de espacio libre cunha superficie aproximada de 1.100 m² coas edificacións existentes.
- Asunción da obriga de rehabilitación integral dos silos, para o que deberá presentar un proxecto específico no prazo máximo dun ano dende a solicitude de licenza para o conxunto da actuación. O prazo de remate é de dous anos dende a concesión de licenza de rehabilitación. Os propietarios da totalidade do ámbito obxecto de convenio, se reservan o uso da última planta dos silos durante un prazo máximo de 50 anos, na que se poderá establecer explotar directamente un establecemento hostaleiro (restaurante, cafetería etc...) Segundo o punto oitavo do convenio, transcorrido o prazo o Concello farase automaticamente coa plena propiedade dos silos.

O convenio incorporado, en ningún momento foi obxecto de ratificación ao abeiro do establecido no artigo 237 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia.

DISPOSICIÓN LEGAIS APLICABLES.

- Constitución española (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA).
- Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común (LRJAPPAC).
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o

regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Corporacións Locais (ROF).

- Real decreto 2/2.008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo (TRLSo8).
- Lei 9/2002, de 30 do decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).
- Real decreto 2159/1978, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de xestión de planeamento urbanístico.
- Real decreto 3.278/1986, do 25 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de xestión urbanística (RXU).
- Lei 29/1998, do 1 de xullo, reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa (LXCA).
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado por Ordes do 16.05.08 e 13.07.09 da CPTOPT e CMATI (PXOMV08/09).
- Estatutos da Xerencia municipal de urbanismo.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

1.- Obxecto do presente informe.

Resulta ser obxecto do presente a resposta á solicitude de informe cursada pola xerente municipal de urbanismo a esta oficina o 18.10.10.

2.- Posibilidade legal de alteración do contido do planeamento urbanístico para o ámbito definido polo "PEPRI Casco Vello" para a finca "A Panificadora".

Establece o artigo 92 da LOUGA que os plans terán vixencia indefinida, sen prexuízo da súa modificación ou revisión. De acordo co previsto no artigo 94 da LOUGA (artigo modificado pola Lei 2/2010), son posibles as modificacións de planeamento que se fundamenten nunca razón de interese público. Na anterior redacción se relacionan as mesmas como as que vaian dirixidas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, o desconxestionamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, ou á eliminación de usos non desexables, a creación de novas dotacións urbanísticas públicas, a resolución de problemas de circulación e outras finalidades públicas.

Xurisprudencialmente é admitida a potestade municipal de alterar ou variar o contido do seu planeamento. Así mesmo, é Doutrina xurisprudencial consolidada (STS 27.08.83 -RX 1983\1967-, STS de 1.12.86 -RX 1987\417-, 21.09.87 -RX 1987\7727-, 14.04.88 -RX 1988\2607-, 5.12.90 -RX 1990\9730-, 9.5.91 -RX 1991\4269-, 26.6.91 -RX 1991\5266-) que a revisión/modificación dun Plan Xeral, non ten o seu límite no respecto aos dereitos adquiridos no ordenamento anterior.

Resulta indispensable a esixencia dunha motivación reforzada nos supostos de modificacións puntuais de planeamento vixente, e debe acadar o seguinte:

a) Xustificación da existencia dunha necesidade pública acaecida ou duns

postos de feito alterado dende a aprobación e entrada en vigor do novo planeamento e que a mesma teña que dar resposta mediante o exercicio da potestade planeamento.

- b) Acreditación da urxencia, dende o punto de vista de que require dunha atención inmediata.
- c) Análise das diferentes alternativas posibles en relación coa nova proposta de ordenación material do territorio.
- d) Xustificación ou explicación de por que o planeamento vixente resulta idóneo para a nova proposta de ordenación.

En canto ao procedemento administrativo preciso para proceder á modificación do “PEPRI do Casco Vello”, tense que informar que ven previsto no Capítulo II (artigos 94 e seguintes), do Título II da LOUGA. A finalidade primaria da modificación dun instrumento de ordenación urbanístico debe ser puramente urbanística, tendente a corrixir defectos do plano orixinario ou para introducir variacións que impongan novos criterios urbanísticos.

Con carácter provisorio e facultativo permíte a suspensión do outorgamento de licenzas de parcelación, edificación e demolición para áreas ou usos determinados coa exclusiva finalidade de estudar a súa formación ou reforma (artigo 77 LOUGA). A suspensión de licenzas non acadará un prazo maior dun ano dende a data de publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e nun diario dos de maior circulación da provincia.

A suspensión facultativa é una medida tendente a asegurar a efectividade do novo planeamento, no estudo ou en proxecto. Seguindo a Tomás Ramón Fernández, a suspensión facultativa é caracterizada como cautelara, temporal, limitada (alcance espacial e obxectivo) e suxeita a publicidade formal.

En canto ao ámbito espacial, o acordo de suspensión de licenzas pode abranguer a totalidade ou parte do territorio obxecto de estudo, segundo se establece no artigo 118.2 do RPU. En calquera caso, se recoñece certa dose de discrecionalidade para fixar ás áreas obxecto de suspensión.

O ámbito temporal do acordo de suspensión facultativa de licenzas é o previsto no punto 3º do artigo 77 da LOUGA, prolongándose ata un prazo máximo dun ano, entendendo que é dende a publicación do acordo no DOG e no BOP.

É preciso deterse en canto á limitación aludida no punto 4º do artigo 77 da LOUGA (“<...> *extinguídos os efectos da suspensión, en calquera dos supostos previstos, non poderán acordarse novas suspensións no prazo de catro anos por idéntica finalidade <...>*”). Os efectos do acordo de suspensión de licenzas acordado tras da aprobación inicial do “PEPRI do Casco Vello” alzouse polo transcurso do prazo legalmente establecido tras da aprobación inicial outorgada o 2.02.04 (dous anos).

Sen prexuízo de que o acordo de suspensión que se puidera acordar, non ten a mesma ou idéntica finalidade que con ocasión da revisión do “PEPRI do Casco Vello”, nestas datas xa transcorreu o prazo de catro anos previsto no artigo 77 da LOUGA.

Por último, é preciso sinalar que xurisprudencialmente admítese que obxectivamente o acordo de suspensión poida afectar tamén ás licenzas que sexan solicitadas con anterioridade á data de adopción do acordo de suspensión (STS 28.01.83, RX 1983\373).

Ao abeiro do establecido no artigo 123 da LRBRL, aínda que non se contempla expresamente, o acordo deberá ser adoptado polo Pleno e resulta prudente esixir a mesma maioría (absoluta) que a prevista para a aprobación de instrumentos de ordenación previstos na letra i do punto primeiro.

4.- Posible concorrencia dun suposto de responsabilidade patrimonial por alteración anticipada do “PEPRI do Casco Vello de Vigo”.

O artigo 106.2 da CE establece que os particulares, nos termos establecidos na Lei, terán dereito a ser indemnizados por toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, agás en casos de forza maior, sempre que sexan consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

Dita previsión é reproducida no artigo 139 da LRJAPAC. Como norma de carácter especial, son definidos no artigo 35 do TRLS08, certos supostos indemnizatorios entre os que está o seguinte:

“(...) a) A alteración das condicións do exercicio da execución da urbanización, ou das condicións de participación dos propietarios nela, por cambio da ordenación territorial ou urbanística do acto ou negocio da adxudicación de dita actividade, sempre que se produza antes de transcorrer os prazos previstos para o seu desenvolvemento ou, transcorridos eles, se a execución non se houbera levado a efecto por causas imputables á Administración (...)”.

Así mesmo, é importante subliñar que a medida de suspensión non outorga de por se mesma un dereito a indemnización. O dereito indemnizatorio que hipoteticamente implique a alteración do planeamento, sería esixible no momento en que se aprobe definitivamente o instrumento de ordenación coas novas determinacións e se produza unha redución do aproveitamento que se considere como patrimonializado.

No presente caso, é preciso sinalar que existen diversos feitos que deberían terse en conta á hora de determinar se concorre un suposto de responsabilidade patrimonial:

- En primeiro lugar, que non foi obxecto de ratificación do convenio

incorporado á tramitación do “PEPRI Casco Vello” de Vigo. Unha vez aprobado o instrumento de ordenación para o Casco Vello de Vigo, a administración municipal dirixiu escrito ás empresas propietarias do ámbito en orden a que xustificaran a titularidade dos terreos.

“Promociones Montelouro, S.A.”, “Compañía Viguesa de Panificación, S.A.” e “Invoga S.A.”, presentaron certificacións literais xustificativa da titularidade das fincas incluídas no ámbito en cuestión.

Tras da realización dunha rápida lectura das mesmas, apréciase a multiplicidade de cargas e notas de embargo que pesan sobre as diferentes fincas rexistras.

- Non existe unha clara vontade dos propietarios de desenvolver a actuación o que puidera derivar na concorrencia dun suposto de incumprimento da función social da propiedade.
- En ningún momento se presentou solicitude de licenza acompañada de proxecto de construción da proposta contida no “PEPRI do Casco Vello de Vigo”.
- De acordo co establecido no apartado 2º do artigo 7º do TRLS08, a previsión dunha edificabilidade pola ordenación urbanística, non a integra dentro do contido do dereito de propiedade do solo. A patrimonialización da edificabilidade se produce unicamente tras da realización efectiva e está condicionada en todo caso ao cumprimento dos deberes e levantamento das cargas.

En base ao solicitado pola Xerente municipal de urbanismo e o fundamentado no presente informe, debe concluírse o seguinte:

- 1.- É posible legalmente a alteración das condicións urbanísticas previstas para o ámbito definido como “Panificadora” baseado nun interese xeral e urbanístico que aconselle a modificación do instrumento de ordenación. Neste concreto caso, deberá motivarse axeitadamente o interese público que xustifique o cambio de ordenación.
- 2.- Naquel caso que se queira adoptar acordo de suspensión facultativa de licenzas ao abeiro do establecido no artigo 74 da LOUGA, deberán precisarse con detalle o ámbito afectado e o obxecto do mesmo, todo elo sen prexuízo da xustificación da ineludible necesidade da adopción de tal medida provisoria.

Con data 18 de outubro de 2010 a xerente municipal de Urbanismo informa o seguinte:

“O Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Vello de Vigo (expte. 7888/411), foi aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo o 12.04.07.

Entre as súas determinacións prevé para o ámbito da “Panificadora” o seguinte: un aproveitamento de uns 22.900 m² sobre rasante, con alturas que van dende as IV, V, VI e VII plantas e cunhas cesións mínimas de equipamento, para a ampliación da rúa Santiago e de espazos libres interiores.

Os terreos onde se sitúa a antiga fábrica de “Compañía Viguesa de Panificación S.A.”, coñecida como “A Panificadora”, sitúanse nunha posición central da cidade de Vigo, ao carón do Concello e da Praza do Rei, na zona intermedia entre o Berbés e o monte do Castro.

O solar ten unha superficie de 6.980 m² de forma irregular, limitada polas rúas de Santiago, polo leste, Cachamuiña polo sur, Falperra polo Oeste, e por terreos posteriores ao Paseo de Alfonso XII polo norte.

O conxunto de edificacións industriais, comerciais e antigas vivendas que constituían o complexo fabril, ocupan uns 4.300 m², cunha edificabilidade construída de uns 12.000 m²c e presentan, na actualidade un importante estado de deterioro e abandono, tralo decurso dos case que corenta anos dende o peche da actividade industrial.

O edificio orixinal erixiuse segundo proxecto do arquitecto Manuel Gómez Román do ano 1923, e intervención dos enxeñeiros Otto Werner e Jorge Buch. Nos anos 30 ampliouse coa construción dun muíño, seis silos máis e almacéns, e nos anos 60 engadiuse unha fábrica de pensos e locais comerciais.

Dende o punto de vista arquitectónico o inmovible componse de varios edificios independentes (o edificio central, os almacéns, o edificio lineal da rúa Falperra, os obradoiros, o “botiquín” e os silos) que conforman entre eles unha serie de patios, corredores e viais interiores cubertos aos que se accede dende a confluencia entre Falperra e Cachamuiña.

Dende o punto de vista paisaxístico o conxunto dos silos comunicados en ponte a través dunha pasarela co edificio central, e rematados por una terraza miradoiro cilíndrica sobresaínte , así como as terrazas de auga e as chemineas ,converteron a “A Panificadora” nun elemento singular e identificador da silueta da cidade, omnipresente en multitude de perspectivas da cidade e con certas doses de monumentalidade.

Dende o punto de vista patrimonial o conxunto ten un grande interese e singularidade, como elemento de gran representatividade dentro do patrimonio arquitectónico industrial de Galicia, e da cidade de Vigo en particular, onde quedan xa poucos exemplos dun tecido industrial en desaparición, coa escala e localización que ten A Panificadora.

Dende o punto de vista da súa localización, a carón da Casa do Concello, a Praza do Rei e o Paseo de Alfonso, converten a parcela nunha oportunidade única e quizais última para a localización de dotacións e equipamentos públicos dunha determinada dimensión na cidade consolidada.

Polos anteriores motivos, numerosas son as iniciativas cidadás e culturais que nos últimos anos veñen reclamando a conservación e recuperación deste inmovible, a súa rehabilitación para un inevitable cambio de uso, preferiblemente dotacional.

Entre elas pódense citar a inclusión nos traballos publicados de Jaime Garrido e José Luis Iglesias sobre a historia da arquitectura de Vigo, os traballos académicos dos arquitectos X. Carlos Fernández Ámeal e Elena Parajó Calvo, a solicitude e o dossier elaborado no 1995 polo COAG para a declaración como BIC a súa catalogación, a inclusión no rexistro internacional do DOCOMOMO (*documentación y conservación de la arquitectura y el urbanismo del movimiento moderno*) pola Fundación DOCOMOMO IBÉRICO, a publicación "*Arquitectura moderna en Asturias, Galicia, Castilla y León: ortodoxias, márgenes y transgresiones*" de Celestino García Braña e Fernando Agrasar Quiroga, 1999, ou finalmente a campaña, traballos e páxina web promovida pola asociación "Outro Vigo é posible".

Sen embargo, o planeamento urbanístico que afectou a este inmovible non propiciou a súa conservación e catalogación ata o PEPRI do Casco Vello do ano 2009, e desta vez dun xeito limitado aos silos e a pasarela en ponte, pero consentindo aínda unha profunda remodelación das estruturas orixinais, o incremento de edificabilidade e o cambio a uso residencial e terciario.

A proposta de convenio subscrita entre o Concello de Vigo e as entidades "Vicus Gestión S.L.", "Compañía Viguesa de Panificación, S.A." e "Promociones Montelouro, S.A.", contén as seguintes estipulacións:

- Necesidade de solicitar licenza única para o conxunto da actuación a través dun proxecto básico ordenador da toda edificación a situar na parcela privada.
- Cesión da parcela na que se localizan o conxunto dos silos -onde se pode situar unha dotación pública- e unha zona dotacional e zona de espacio libre cunha superficie aproximada de 1.100 m² coas edificacións existentes.
- Asunción da obriga de rehabilitación integral dos silos, para o que deberá presentar un proxecto específico no prazo máximo dun ano dende a solicitude de licenza para o conxunto da actuación. O prazo de remate é de 2 anos dende a concesión de licenza de rehabilitación. Os propietarios da totalidade do ámbito obxecto de convenio, se reservan o uso da última planta dos silos durante un prazo máximo de 50 anos, na que se poderá establecer explotar directamente un establecemento hostaleiro (restaurante, cafetería etc...). Segundo o punto oitavo do convenio, transcorrido o prazo o Concello farase automaticamente coa plena propiedade dos silos.

O convenio urbanístico de planeamento incorporado á tramitación do Plan Especial do Casco Vello de Vigo, non chegou nunca a ser ratificado ao abeiro do establecido no artigo 237 da Lei 9/2002, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

Durante o proceso de ratificación do convenio, constatouse unha falla de interese das empresas propietarias pola execución inmediata da actuación. Por outra parte, da lectura das certificacións rexistradas apréciase a complexidade da operación por canto un gran número de fincas está gravada con cargas hipotecarias e mesmo con notas de embargo. En consecuencia, o Concello de Vigo debe intervir nunha actuación que pola súa situación e interese, procura dunha actuación pública inmediata nun espazo cualificado como estratéxico, sen prexuízo do significado que para todos os vigueses ten o inmovible.

Os valores patrimoniais e arquitectónicos do inmovible, fixeron que a Xerencia municipal de urbanismo procurara chegar a un acordo para prever a existencia dunha ordenación baseada no respecto máximo ás edificacións e a implantación de usos dotacionais de carácter público. Tal é o interese público concorrente da proposta de inicio de expediente de modificación do "PEPRI do Casco Vello de Vigo". Así mesmo, dada a transcendente decisión, estímase necesario adoptar a suspensión facultativa de licenzas que, malia a nula iniciativa privada, puideran prexudicar o resultado final do acordo de modificación.

Sen prexuízo do que derive do expediente, o ámbito de actuación abranguerá a área do denominado convenio "A Panificadora"

A modificación versará no respecto da edificación e a implantación de usos maioritariamente dotacionais."

A seguir a xerente de Urbanismo formula a proposta que se contén na parte dispositiva do presente acordo.

A secretaria xeral do Pleno, con data 18 de outubro de 2010, informa:

"Na data do presente informe recíbese dilixencia do delegado de Urbanismo e Vivenda solicitando, ó abeiro do disposto no artigo 54.1 a) TRRL informe preceptivo, con carácter urgente e para a súa entrega antes do remate da presente xornada laboral, a efectos da inclusión do presente expediente na vindeira sesión do Consello da Xerencia de Urbanismo, debendo indicar que dada a urxencia da solicitude o informe versará unicamente sobre aspectos de carácter formal, sen prexuízo da consideración sobre a súa idoneidade e necesidade de ampliación de ser o caso, coas conseguíntes limitacións no seu contido que da mesma se derivan.

Remítese dende a Secretaría da Xerencia Municipal de Urbanismo no día de hoxe duplicado do expediente referido que consta dos seguintes documentos:

S.Ordinaria 25.10.10

- Solicitude de informe xurídico ao secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo.
- Informe xurídico do secretario de data 18.10.10.
- Proposta de suspensión de licencias asinada pola xerente municipal o 18.10.10.

Dánse por reproducidos, polas razóns anteriormente expostas, os antecedentes e lexislación aplicable recollidos no informe do secretario da XMU, sen prexuízo do seu contido.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- A proposta de acordo recolle dúas cuestións conexas, a incoación de expediente de modificación do PEPRI e a suspensión de licencias de obra e actividade, no ámbito afectado.

A posibilidade de modificación do planeamento supón un exercicio do *ius variandi* que corresponde á administración e que aparece expresamente formulado no artigo 94 da LOUGA

"1. Cualquier modificación del planeamiento urbanístico deberá fundamentarse en razones de interés público debidamente justificadas encaminadas a la mejora sustancial de la ordenación urbanística vigente, al descongestionamiento urbano, a la mejora de la articulación de los espacios libres públicos y de los volúmenes construidos, a la eliminación de usos no deseables o a la incorporación de otros necesarios, a la creación de nuevas dotaciones urbanísticas públicas, a la resolución de problemas de circulación y a otros fines públicos."

En relación á natureza do acordo a adoptar en relación coa suspensión de licencias, sinalar que a suspensión se conceptúa como unha medida que pretende garantir a viabilidade na execución do planeamento futuro, restrinxindo as facultades dos particulares sobre o ámbito afectado, así o ben recoñecendo a xurisprudencia (STS 29.01.1996) ó sinalar que a finalidade é evitar a realización de usos e actividades urbanísticas contrarias ás determinacións do futuro planeamento que se trata de redactar. A regulación específica da suspensión aparece no artigo 77 LOUGA, coas limitacións temporais e materiais sinaladas no informe do secretario da XMU.

En relación coa xustificación das razóns de interese público que servirán de motivación ó acordo, lembrar a abundante xurisprudencia (STSJ Valencia 06.11.2001, STSJ Cataluña 04.11.1997), que establecen que se ben é precisa unha motivación formal a mesma debe ir acompañada da xustificación da finalidade legalmente prevista, polo que a efectos de dita motivación sería conveniente ter incorporado ó expediente informe técnico na liña xa apuntada.

Non procede por parte desta Secretaría pronunciarse sobre a conveniencia ou

oportunidade da medida de suspensión de licencias, que como se recolle no expediente ten carácter facultativo e que ten como presuposto o acordo de incoación de proceder á elaboración preliminar do proxecto de modificación do PEPR; non obstante lembrar a importancia da motivación, ex artigo 54 Lei 30/1992, en relación coas finalidades sinaladas para garantir a idoneidade do acordo e as posibilidades de posterior control xurisdiccional.

2º.- Se ben non resulta posible afondar na cuestión, dada a urxencia no requirimento do informe, faise necesario realizar a correspondente advertencia sobre a responsabilidade patrimonial que se puidera derivar da tramitación do expediente, que aparece recollida expresamente para o caso da suspensión no apartado 5 do artigo 77

"Los peticionarios de licencias solicitadas con anterioridad a la publicación de la suspensión tendrán derecho a ser indemnizados del coste oficial de los proyectos y a la devolución, en su caso, de los tributos municipales, siempre que su otorgamiento no sea posible, por resultar incompatible con la nueva ordenación establecida."

E así mesmo no artigo 35 do TRLS 2008, na formulación xenérica do principio de responsabilidade patrimonial para os supostos de modificación do planeamento

"Dan lugar en todo caso a derecho de indemnización las lesiones en los bienes y derechos que resulten de los siguientes supuestos:

a. La alteración de las condiciones de ejercicio de la ejecución de la urbanización, o de las condiciones de participación de los propietarios en ella, por cambio de la ordenación territorial o urbanística o del acto o negocio de la adjudicación de dicha actividad, siempre que se produzca antes de transcurrir los plazos previstos para su desarrollo o, transcurridos éstos, si la ejecución no se hubiere llevado a efecto por causas imputables a la Administración."

3º.- O acordo de suspensión require para a súa efectividade da publicación por atoparse no suposto recollido no artigo 57 da Lei 30/1992

"1. Los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo se presumirán válidos y producirán efectos desde la fecha en que se dicten, salvo que en ellos se disponga otra cosa.

2. La eficacia quedará demorada cuando así lo exija el contenido del acto o esté supeditada a su notificación, publicación o aprobación superior."

Dita publicación deberá realizarse nos termos sinalados no artigo 77, é dicir, no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia.

4º.- En canto ó órgano competente para a súa aprobación, de conformidade co sinalado no citado artigo 77 LOUGA será o órgano competente para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico, precepto que debe ser posto en relación co 123.1.i) LRBRL que atribúe ao Pleno da Corporación a

competencia para a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística.

Así mesmo o apartado 2 sinala que os acordos que corresponda adoptar ó Pleno na tramitación dos instrumentos de planeamento xeral previstos na lexislación autonómica require o quórum da maioría absoluta do número legal de membros. Tal e como se desprende da proposta da xerente o acordo que se eleva ó Pleno consiste na incoación de expediente de modificación das determinacións do PEPRI, e a suspensión potestativa de licencias, polo que a súa adopción requirirá o voto favorable da maioría absoluta, debendo polo tanto incorporarse informe da Intervención Municipal.

Polo exposto, dende esta Secretaría e coas limitacións referidas ó inicio do presente informe, emítense a seguinte

CONCLUSIÓN

A adopción de acordo no expediente 997/400, Proposta de incoación de modificación do PEPRI do Casco Vello de Vigo e suspensión de licencias para o ámbito da "Panificadora" é competencia do Pleno da Corporación, requirindo, o voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros, previa suficiente motivación, debendo o acordo de suspensión de licencias ser obxecto de publicación no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia para a súa efectividade."

O 18 de outubro de 2010 o interventor xeral municipal informa:

"No día de hoxe recíbese nesta dependencia duplicado do expediente relativo ó asunto referenciado, solicitándose polo Sr. alcalde-presidente informe preceptivo da Intervención Xeral, ó abeiro do previsto no artigo 54.1.a) do Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril (TRRL).

Nas condicións e circunstancias expostas, infórmase con carácter xeral o seguinte:

A Lei de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (Lei 9/2002, de 30 de decembro, modificada polas leis 15/2004 e 3/2008), refírese á suspensión de licenzas, cando no artigo 77 no seu apartado 1 establece que "*os órganos competentes para a aprobación inicial dos instrumentos de planeamento urbanístico poderán acordar a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas de parcelación de terreos, edificación e demolición para áreas ou usos determinados, a fin de estudar a súa formación ou reforma*".

O mesmo corpo legal no seu artigo 94 ("Modificación de plans"), determina ó

respecto no seu apartado primeiro que *“calquera modificación do planeamento urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas encamiñadas á mellora substancial da ordenación urbanística vixente, ó desconxestionamento urbano, á mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, á eliminación de usos non desexables ou á incorporación doutros necesarios, á creación de novas dotacións urbanísticas públicas, á resolución de problemas de circulación e a outros fins públicos”*.

Son razóns de interese público, por conseguinte, as que deben sustentar a proxectada modificación do planeamento e en tal sentido, consideramos que debe constar de forma expresa e razoada no expediente, dado o tempo transcorrido dende a aprobación do planeamento xeral que agora se interesa reformar, se son razóns sobrevidas ou cambios nos criterios iniciais os que determinan o interese público que subxace na modificación que se pretende, e a cuxo obxecto, na proposta contida no expediente, solicítase a incoación de expediente.

Igualmente e dado que este interese público aparece conectado na propia Lei, tal e como se desprende do último precepto transcrito, a unha serie de fins públicos, ó meu xuízo, a fundamentación dos mesmos é o que debe soportar a viabilidade da proposta, polo que parece necesario a incorporación ó expediente de informes técnicos ó respecto.

Polo que se refire ós expedientes conclusos e pendentos de resolución e á posible concorrencia de responsabilidade patrimonial por alteración anticipada do PXOMV, remitímonos ó informe do Sr. secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo e ó contido do artigo 35 (“Supostos indemnizatorios”) do Real decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do solo.

De conformidade co artigo 83 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións Públicas e do procedemento administrativo común, os informes serán emitidos no prazo de dez días, coa posibilidade de redución de dito prazo en supostos de urxencia.

É todo o que se pode informar nas circunstancias e condicións indicadas, deixando constancia do carácter garantista no procedemento administrativo dos prazos citados anteriormente e á consideración dos destinatarios do presente informe a suficiencia e idoneidade do seu contido.”

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión ordinaria do día 21 de outubro de 2010 ditamina favorablemente e propón ó Pleno da Corporación a adopción do acordo que se contén na parte resolutiva.

DEBATE.- SR. MARIÑO MENDOZA: Hai sete anos tróuxose a este Pleno unha

proposta para a práctica desaparición da Panificadora. Esa proposta dicía que os silos se conservarían e cederíanse para actuacións públicas para esta administración.

Aquela proposta non contaba absolutamente con ningunha xustificación de por que deberían ser os silos e non a totalidade ou a parcialidade da parcela salvada, sinxelamente alguén, aleatoriamente, coidou que era suficiente que os silos quedasen como pegada urbana do que realmente chegou ser a Panificadora dentro desta cidade. Seguramente, cando un observa a clasificación e o resultado da parcela, porque era a parte que menos valía, a que non tiña acceso á rúa e polo tanto á hora de ceder seguramente alguén dixo que os silos que é o que menos vale. Non había uso definido naquel convenio nin acordo para eles. Todos lembramos e está redactado nese convenio que a cuberta dos silos seguía sendo privada, polo tanto ía ser moi difícil a súa utilización cando a coroación destas edificacións era absolutamente privada.

Nese convenio xeráronse 23.000 m² de edificabilidade, todos eles en superficie, cunhas características moi concretas que definían as alturas e as cotas de rasante. Hai moita máis edificabilidade baixo rasante dos 23.000 m² de convenio e así o ditamina o convenio. Polo tanto nunca se xustificou dende o goberno que trouxo esa proposta de aprobación, por que se xeraban esas inmensas edificabilidades. Defendíase que viña dun convenio anterior pero o certo é que no mesmo proxecto para o PEPRI do Casco Vello que se traía para aprobación, aquel goberno rebaixaba edificabilidades e asumía a súa expropiación noutros ámbitos do PEPRI do Casco Vello, pero na Panificadora non, na Panificadora incrementábanse as edificabilidades naquel convenio.

A Panificadora é un dos grandes símbolos desta cidade, seguramente non hai cidadán que non a saiba localizar e que non lembre algunha das anécdotas de tantos anos e tantos referentes nesta cidade. É un referente para todo o mundo, absolutamente todos os cidadáns desta cidade coñécena, trátase dunha icona e por iso todo o mundo quere que se preserve, como vimos estes días nos medios de comunicación.

Durante moitos anos permaneceu nun completo *impasse*. Eu lembro declaracións do Sr. Figueroa, aí están nas actas, nas que se xustificaba a sinatura daquel

convenio porque a Panificadora e o Casco Vello non podían seguir máis tempo así. Sete anos despois a Panificadora está exactamente igual, aquela xustificación de aprobación para aquel convenio non serviu absolutamente para nada.

Queremos que a Panificadora sexa un espazo público. Todos os cidadáns desta cidade queren que a Panificadora sexa un espazo público, que sexa de uso dotacional, que deixe o legado de tantos anos de traballo e de esforzo e o símbolo que representou cando se construíu alá polos anos trinta.

Alguén nalgún momento equivocouse traendo aquí esa proposta e xerando uns dereitos de edificabilidade que agora teremos que solventar. Sen ningunha contraprestación decidiuse que iso era un solo urbano consolidado cando claramente non o é e altera completamente as características do PEPRI do Casco Vello. Nada ten que ver a proposta aprobada aí cunhas pegadas de identidades que pode ter un casco vello. Seguramente de se executaren ese convenio como está deseñado ó día de hoxe, ninguén identificaría esa parte da cidade como PEPRI do Casco Vello.

Polo tanto, de non seren así, se o que se pretendía era preservalo dentro do PEPRI do Casco Vello, deberíase ter eliminado dese documento. Sen embargo se aprobou e se incluíu ese convenio.

Traemos aquí un acordo de suspensión para salvar o que nunca debeu ser prexudicado e seguramente non repetiremos exemplos como o caso do edificio de Santa Marta que agora mesmo todos vemos alí colocado, que se aprobou no PEPRI do Casco Vello e posteriormente, cando se comezou a edificar, a presión cidadá fixo que a Sra. Porro o tivese que paralizar e chegar a un acordo.

Dende logo traemos aquí a recuperación dun ben, dun interese cidadán para un espazo público e dotacional que todo o mundo quere que se conserve. Quen trouxeron a aprobación aquel convenio teñen moitas cousas que explicar, por que o trouxeron e que é o que fixeron.

Lembro que hai moi poucos meses vostedes cuestionaban a sinatura do convenio da ETEA e que se recuperasen aquelas edificacións. A semana pasada podíamos ver como o Partido Popular se felicitaba da cidade e do campus do mar. Non volvan cometer o mesmo erro, todos os cidadáns e todos os colectivos desta cidade defenden o mantemento e a conservación dunha edificación emblemática

nesta cidade para o uso dotacional e para que todos os cidadáns a poidan gozar.

SR. ÁLVAREZ ÁLVAREZ: O concelleiro de Urbanismo explicou basicamente os criterios para levar adiante esta modificación puntual do Plan especial de reforma interior do Casco Vello, co correspondente procedemento para a suspensión de licenzas.

Ó noso modo de ver e como grupo municipal quero matizar dúas cousas importantes. En primeiro lugar, ese convenio ó que facía referencia o concelleiro de Urbanismo, incorporouse ó Plan especial de reforma interior do Casco Vello e a esa área concreta porque evidentemente se producira unha serie de dereitos adquiridos, de derivacións económicas do propio convenio que levaría consigo, no seu caso e naquel momento, a un procedemento ben de expropiación ou ben de indemnización doutro tipo para poder resolver ese problema. O certo é que no Plan especial de reforma interior, na área que nos corresponde e da que estamos falando, evidentemente se producía unha situación na que se lles obrigaba ós propietarios desa finca a que conservaran os silos da Panificadora. Evidentemente esa é unha pequena matización que quería facer porque nestes momentos os silos da Panificadora están conservados, non se poden derrubar de acordo co procedemento que se tería que seguir no caso de que se aprobase definitivamente ou que se levase adiante o proceso de edificación.

Agora ben, o certo é que é un clamor na cidade que a Panificadora no seu conxunto debía ser protexida. Indubidablemente estamos diante dun ben que representa historicamente moito na cidade, non só deu de comer e fixo que o proceso industrial na cidade tivese unhas relativas vantaxes para todos tanto pola súa posición, como polos servizos que prestaba, senón que ademais converteuse por efecto do procedemento e da vida histórica da cidade nun referente de carácter industrial como poden ser outros edificios industriais na cidade.

Nese sentido aplaudimos a posibilidade de poder recuperar o conxunto de todo o ámbito da Panificadora para o uso e goce de todos os cidadáns, uso e goce loxicamente que terá que ter un destino definitivo que será o destino que o Concello lle atribúa cando teña adquirido ese ben.

Indubidablemente é un ben que nestes momentos ten uns propietarios particulares, uns propietarios privados que reclamarán unhas cantidades e cos que a Xerencia de Urbanismo leva meses negociando a súa indemnización e o seu pagamento. Semella que aínda non hai acordo definitivo pero o agardamos cedo. En todo caso dicir que loxicamente á cidade algo lle vai custar, ben no seu patrimonio municipal do solo, ben na súa indemnización porque pola contra non tería ningún sentido que se levara o Plan especial de reforma interior como se levou á prescrición de desenvolver tal e como estaba previsto no Plan Xeral.

En todo caso coido que é importante facer un chamamento a todos porque eu coido que todos os grupos políticos da cidade estamos de acordo con que se recupere a Panificadora. De se producirse unha “guerra de guerriñas” por este asunto, por dicir así, típica nesta cidade entre grupos políticos indubidablemente pode ser que alguén se beneficie, non tanto os grupos políticos ou a cidade, senón que algún propietario particular se poida beneficiar desa guerra. Nese sentido, sabendo que ten obxeccións o Partido Popular, pediría que todos arrimáramos o ombro porque coido que é unha reivindicación maioritaria da cidade que este espazo pase seren de titularidade pública.

SR. FIGUEROA VILA: Logo de escoitar ó concelleiro de Urbanismo dende logo semella que aquí hai o único obxectivo de atacar ó Partido Popular.

Sr. Mariño, vostedes están facendo parvos politicamente ós seus socios de goberno porque foron os que firmaron este convenio, convenio asinado o 23 de maio de 2003 entre o alcalde, D. Lois Pérez Castrillo, e a sociedade mercantil Promociones Montelouro, Compañía Viguesa de Panificación e Vicus Gestión. Asinárono os membros do Bloque Nacionalista Galego e nós apoiámoslos. Polo tanto os silos mantéñense dende o ano 2003 e están incorporados ó PEPRI do Casco Vello. Poden dicir vostedes o que queiran, acábo de dicir o Sr. Álvarez que daquela era asesor do alcalde, D. Lois Pérez Castrillo.

Non sei que lle pretendan trasladar vostedes á cidadanía, que hai uns bos e outros malos? Non. Nós estamos de acordo con que se manteñan os silos pero dende o ano 2001 ou 2002, polo tanto coido que a postura do noso grupo está perfectamente clara e, como dicía o Sr. Álvarez, nós non imos facer disto unha

guerra, o único que queremos saber é que se vai facer, que proxecto hai, que condicións hai cos propietarios, se se chegou a algún acordo e como está este proxecto.

A nosa postura está clara. Queremos que se sigan mantendo os silos tal e como estaba nesa proposta. Vostedes queren dar un paso máis aló de facer un proxecto para uso dotacional e provocar unhas indemnizacións multimillonarias ás costas do Concello? Iso é o que valoraremos nós cando chegue o momento se é ou non prudente. Pero a día de hoxe o único que podemos dicir é que vostedes iniciaron un expediente de suspensión de licenzas e non temos coñecemento de nada máis.

Onte saíu nun medio de comunicación que esa operación podería custar 20 millóns de euros polo acordo cos propietarios. Valoraremos realmente se manter a Panificadora e manter ese proxecto é rendible para a nosa cidade e se a cidade o pode pagar, porque esa é outra cuestión que hai que ver, ó mellor estamos dando prioridade a cuestións que non temos que priorizar. Pero esa é unha cuestión secundaria.

Como dicía a concelleira de Economía e Facenda "... é que recualificaron vostedes a Panificadora". Que cousa tan absurda. Sr. Domínguez Olveira, recualificaron vostedes a Panificadora? Porque foron os que asinaron no ano 2003. Nós non nos damos por aludidos neste tema.

Polo tanto ímonos abster. Votaríamos a favor se nos dixeran cal é o proxecto, cal o obxectivo, canto vai custar, de que maneira, como imos facer, que acordos hai... Cando saibamos iso pode estar seguro de que se é coherente, se é responsable para a cidade e se se axusta á economía que ten esta cidade, nós imos votar a favor. De momento polo menos déixennos a dúbida por non saber a día de hoxe o que están a facer. Non dubidamos de que poida ser un bo proxecto pero non o coñecemos.

Polo tanto nos imos abster e imos engadírmolos ás verbas do Sr. Álvarez de que este é un proxecto importante para a cidade e de que se remamos todos na mesma dirección ó mellor se pode acadar. Se xeramos conflictividade evidentemente cada quen terá o seu posicionamento.

SR. MARIÑO MENDOZA: En primeiro lugar deixar moi claras dúas situacións. Por suposto que a Panificadora sufriu una recualificación, todos sabemos que tiña un uso industrial e agora ten un uso residencial terciario. Vostede foi concelleiro de Urbanismo, parece que non entende aínda que significa a palabra recualificación ou ó mellor enténda demasiado, pero dende logo sufriu unha recualificación.

Vostede dixo que os silos se preservan dende o ano 2003 no que se asina o convenio. Non, perdoe, os silos consérvanse dende que se aproba o PEPRI do Casco Vello no ano 2007. Vostedes trouxeron aquí esa proposta. Pódense asinar centos de convenios, pero o Plan Xeral é deste alcalde co 40% de vivenda protexida, asinaran vostedes os convenios que asinaran durante a súa tramitación. O que importa é quen o aproba, Sr. Figueroa, e vostedes trouxeron ó Pleno desta Corporación ese acordo no ano 2007. Polo tanto os silos non están preservados dende o ano 2003, é absolutamente falso.

De todos os xeitos paréceme lamentable a súa intervención porque dá a sensación de que habería que conservar a Panificadora dependendo do seu uso e do seu custe. Aquí falamos de preservar un ben de interese cultural, Sr. Figueroa. Isto é como dicir que hai que conservar a Catedral de Santiago se segue existindo culto dentro e se non, non. Isto é exactamente o mesmo, en función do proxecto que se presente para a Panificadora diremos que os edificios son moi importantes e hainos que conservar e se non, non son absolutamente nada importantes e polo tanto se poden tirar. Isto é o que pensa o Partido Popular.

Hai moi pouco apoiaban unha proposta de Aproín que propoñía que desaparecese o Casco Vello e deseñar unha nova cidade. Iso é o que lles gusta a vostedes.

Por unha banda están os titulares que din: “A Panificadora ben de interese cultural. O Colexio de Arquitectos solicita ó Concello que suspenda a derruba da Panificadora”. Por outra banda están os seus, Sr. Figueroa: “Os promotores inmobiliarios apoian a derruba da Panificadora. Os promotores inmobiliarios consideran un insulto a Vigo que se queira salvar a Panificadora. Os promotores defenden a derruba da Panificadora”. Estes son os de seu, Sr. Figueroa, estes son cos que vostede vota. Estamos falando de salvar un ben de interese cultural e a vostede o que lle preocupa é: “...dependendo do que vaiamos meter aí”. Usos dotacionais para todos os cidadáns desta cidade. Pero estamos falando de que o

edificio ten o seu propio valor independentemente do proxecto, Sr. Figueroa, e vostede segue pensando naqueles acordos que asinou e trouxo a este Pleno para a súa aprobación. Moito terá que explicar, Sr. Figueroa, daquel convenio que aprobaron vostedes, vostede e a Sra. Porro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Iniciar expediente de modificación do ámbito definido no “PEPRI do Casco Vello de Vigo-Panificadora” para destinalo a un uso maioritariamente dotacional.

Segundo.- Suspende a tramitación de expedientes de concesión de calquera tipo de licenzas ou autorizacións para o ámbito. Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun diario dos de maior difusión da provincia.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentan.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, todos os membros da Corporación Municipal e máis as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas de la violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: De acordo coa Xunta de Voceiros, imos agrupar as mocións 5.1 e 5.4. Trátase dunha moción do Grupo municipal do BNG relativa ó apoio do estaleiro Vulcano e dunha moción do Grupo municipal do Partido Popular solicitando ó Ministerio de Industria axudas para o estaleiro Vulcano.

O debate realizarase nunha quenda de dez minutos do Bloque Nacionalista galego, unha quenda de dez minutos do Grupo popular, unha quenda de dez minutos do Grupo socialista, cinco minutos do Grupo do BNG e cinco minutos para pechar do Grupo do Partido Popular.

Entendo que isto é o que está pactado na Xunta de Voceiros.

SR. FIGUEROA VILA: Se o acepta o Bloque ben, senón o que decidimos foi que cada moción tivera os seus tempos correspondentes e logo unificaríamos a votación porque senón o Bloque perde unha quenda de peche. Se o aceptan nós non temos problema.

De conformidade do acordado na Xunta de voceiros, procédese a debater as mocións do Grupo municipal do BNG e máis do Grupo Popular, respectándose os tempos de debate correspondentes a cada moción.

5.1.- (246).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Ó APOIO Ó ESTALEIRO VULCANO. (REXISTRO PLENO Nº 56).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 15 de outubro, número 56/2010, os membros do Grupo municipal do BNG Sr. Domínguez Olveira e Sra. Méndez Piñeiro, formulan a seguinte moción.

“Toda a sociedade é coñecedora da situación de incerteza pola que está atravesando o Estaleiro Vulcano, un estaleiro emblemático dentro dun sector fundamental para a nosa economía como é o sector naval.

Nos últimos días os traballadores e a dirección da empresa adoptaron unha serie de medidas tanto de mobilización social como de negociación para garantir o futuro inmediato do estaleiro, que pasaba porque as administracións e a sociedade Pymar avalasen inmediatamente os créditos que permitisen rematar o barco nos prazos previstos

A negativa inicial de Pymar a ser a sociedade que garantise eses créditos supón unha situación de crise que podía conducir a unha situación de suspensión de pagos por parte da empresa.

A solución inicial que se deu para a construción dese barco é a primeira dun conxunto de medidas que se deben adoptar polas administracións estatal e autonómica e a sociedade Pymar para que nos próximos anos Vulcano poida resolver a situación de débeda e seguir normalmente a súa actividade.

Por todo isto propoñemos á Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

A Corporación Municipal insta ao Xunta de Galicia e ao Ministerio de Industria e Comercio a iniciar as xestións oportunas ao obxecto de chegar a unha posición común reforzada para garantir a continuidade da empresa Factorías Vulcano, en especial a toma de decisións que permitise facer efectivo o Plan de Saneamento económico do Grupo Vulcano.”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 18 de outubro, ditaminou favorablemente.

5.4.- (249).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO INSTAR Ó MINISTERIO DE INDUSTRIA AXUDAS PARA O ESTALEIRO VULCANO. (REXISTRO PLENO Nº 48).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de outubro, número 48/2010, o concelleiro do Grupo Municipal Popular, Sr. Fidalgo Iglesias, formula a seguinte moción:

“O estaleiro do barrio de Teis Factorías Vulcano atravesa unha situación moi delicada debido a actitude incompreensible do Ministerio de Industria que non prestou o seu apoio para concederlle un aval do fondo Pymar (Pequenos e Medianos Estaleiros en Reconversión) e pola súa ausencia na xunta de acredores da súa filial asturiana Juliana, o que impediu a súa venda ao estaleiro Armón, que serviría para pagar ós acredores.

Vulcano é un dos estaleiros máis importantes da ría de Vigo, foi fundado no ano 1919 e del dependen directa ou indirectamente máis de 1.000 familias da cidade.

A sociedade, obrigada a solicitar o concurso de acredores, pode estar sufrindo unha "reconversión encuberta", decisión tomada por parte do goberno de José Luis Rodríguez Zapatero.

Pola contra, a Xunta sempre mostrou o seu apoio e compromiso co estaleiro, reuníndose en varias ocasións coa dirección e cos traballadores, e facilitando capital e avais co obxectivo de asegurar o futuro da compañía coa finalización na grada viguesa da construción do buque sísmico 533.

No Partido Popular pensamos que o goberno municipal non debería deixar tirada a unha empresa dun sector estratéxico na cidade, por iso este Grupo Municipal, propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Ministerio de Industria a prestar axudas a estaleiro Vulcano para que poda manter o emprego e continuar coa súa actividade”

A comisión informativa de Cultura, Industria, Turismo e Patrimonio Histórico, en sesión do 18 de outubro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Eu agardo que nesta moción que se refire a un tema vital para a nosa cidade, quero dicilo con estas palabras, non caíamos no que parece que queríamos caer na anterior moción. De verdade pensen vostedes, todos e todas, nos cidadáns porque non se trata de ver quen inicia ou quen deixa de iniciar primeiro un tema. Se hoxe podemos preservar a Panificadora é porque todos traballamos e o BNG dende o primeiro momento incluíu unha reforma interior do Casco Vello que hoxe permite precisamente que poidamos estar falando desta recuperación.

A moción do Bloque Nacionalista Galego como dicía é sobre un tema absolutamente vital. Estamos falando dun sector fundamental para o desenvolvemento económico da nosa cidade: o sector naval. Por desgracia estamos vendo estes días os anuncios que alertan xa a empresas auxiliares do sector naval de ter que ir a posibles regulacións de emprego. A todas as formacións políticas se nos enche a boca cando falamos de que hai que fomentar o emprego, fomentar medidas contra a crise e efectivamente así o hai que facer.

A min gustaríame que nestas dúas mocións que se van tratar sobre o tema de Vulcano demostramos dunha vez por todas que somos Corporación municipal de Vigo, que queremos defender á nosa cidade e o futuro da nosa cidade por riba de a quen teñamos que render obediencia e por riba de cales son os nosos partidos políticos e dos que mandan tanto nun como noutro sitio. Polo tanto non podemos xogar co futuro da nosa cidade.

Hoxe o que o BNG quere conseguir aquí, por iso traemos esta moción e agardamos que así se faga, é un pronunciamento unánime e claro dos vinte e sete concelleiros e concelleiras que representamos a esta cidade de que tanto a Xunta de Galicia como o Ministerio de Industria teñen que adoptar as medidas que sexan necesarias para manter a continuidade do estaleiro Vulcano.

O Concello non ten competencia, o debate técnico aquí de quen ten máis ou menos culpa, quen ten máis ou menos responsabilidade é un debate estéril. O que nós queremos conseguir con esta moción é que haxa unha unanimidade total da Corporación para que instemos ás dúas administracións que teñen competencia para que pensen que Vigo e a súa comarca non poden permitir unha segunda reconversión do sector naval. Que pensen, e que así o transmitamos unanimesmente, que Vigo e a súa comarca xa soportaron reconversións e recortes na súa produtividade empresarial por mor de favorecer a outros territorios do Estado e mesmo da Unión Europea.

O que tratamos con esta moción é sinxelamente que haxa un pronunciamento unánime para que as dúas administracións se involucren de xeito decidido en salvar a continuidade do estaleiro Vulcano. Entre cadro de persoal propio e empresas auxiliares estamos a falar de en torno ós mil traballadores e traballadoras e isto non é ningunha broma no momento no que estamos. Non é ningunha broma para que volvamos aquí con debates estériles e técnicos.

Vulcano cumpriu todos e cada un dos deberes que a sociedade PYMAR, onde están as dúas administracións, lle impuxo; recortou débeda, modernizouse, fixo un esforzo importante de adaptación a todas e cada unha desas novas directrices polo tanto non se lle pode pedir agora a Vulcano, cando ten carga de traballo e é un estaleiro con futuro, que recorte unha vez máis esa capacidade de continuar adiante.

Eu quérolle transmitir ó Partido Popular que xa que temos dúas mocións as refundamos nunha soa e sinxelamente que este Concello e esta Corporación digan unanimemente que a Corporación municipal de Vigo quere instar ás dúas administracións a que Vulcano siga construíndo barcos. Esa é a decisión que a cidadanía agarda de todos e de todas nós.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: En primeiro lugar dicir do total apoio do Grupo municipal Socialista ó mantemento do centro de traballo de Factorías Vulcano e ós seus traballadores e traballadoras.

Recentemente o alcalde mantivo unha reunión co Comité de Empresa na que fixeron un repaso non só do feito que hoxe nos ocupa, senón tamén do sector naval.

Hoxe hai unha dificultade que todos coñecemos, que no noso sector naval hai menos traballo. Tamén hai outra dificultade que é que os armadores non atopan financiamento e iso está levando a que tanto as empresas principais como as auxiliares estean agora mesmo con dificultades, non distintas das que poidan sufrir outros sectores.

En todo caso o inmediato que precisa Factorías Vulcano parece ser que está canalizado, co informe xurídico favorable ó poder separar o sísmico C533 do proceso concursal daríase traballo a 500 traballadores ata o mes de xuño. Viría unha segunda parte que sería a viabilidade do centro de traballo de Factorías Vulcano e tamén do seu emprego.

Nós non imos entrar en se a xestión da empresa foi máis ou menos acertada, o certo é que é un estaleiro con capacidade de facer buques de gran calidade técnica. O que se falou co Comité de Empresa foi que unha vez solventada esta urxencia do buque sísmico C533 o acordo co propio alcalde era manter o apoio ós traballadores, o apoio ó centro de traballo de Factorías Vulcano, facer unha folla de ruta para este estaleiro, o plan de viabilidade que é necesario porque todos coñecemos como está agra mesmo a situación, e dende logo algo moi importante que nós imos manter aquí: os representantes dos traballadoras e traballadores de Factorías Vulcano trasladábanos que é un problema de todos e polo tanto a súa intención era sumar.

Por parte do Grupo municipal socialista, dende a propia Alcaldía e o alcalde así llo manifestou, temos a disposición a sumar neste sentido. Polo tanto que as dúas administracións, a administración central a través do Ministerio de Industria e a propia Xunta de Galicia que se impliquen tamén na solución do futuro de Factorías Vulcano, non só no momento puntual do buque sísmico 533.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar queremos agradecer que se debata no Pleno unha moción proposta polo Partido Popular o mércores pasado. Logo a esta moción engadiuse tamén o Bloque Nacionalista Galego cunha moción que vai máis ou menos na mesma liña, sinxelamente indica que se refórce tamén o apoio da Xunta de Galicia tal e como o está a facer agora. Nós estimábase instar ó Ministerio de Industria porque nos estaba deixando moi preocupados esta situación pola que está atravesando o estaleiro Vulcano e o sector naval da cidade.

Coidamos que coas cousas de comer non se debe xogar e o Ministerio de Industria díxolle non a Vulcano, díxolle non a Vigo e ó sector naval varias veces nas últimas semanas. Díxolle non a Vigo, ó sector naval e a Vulcano o día 6 de outubro cando votou non o Ministerio de Industria a darlle un aval a Vulcano para rematar o sísmico 533. Díxolle non a Vigo, a Vulcano e ó sector naval cando o día 8 de outubro nin sequera acudiu á Xunta de Acredores de Juliana que permitiría vender as instalacións de Juliana ó estaleiro Armón (había un cliente para esas instalacións) e con ese diñeiro poder pagar ós acredores. O Ministerio de Industria coa súa non asistencia a esa Xunta de Acredores obriga á liquidación da empresa Juliana, filial do Grupo Vulcano e por conseguinte leva a unha situación moi complicada para a empresa, para os 160-170 traballadores directos que ten a empresa e para as 1.000 familias que directa ou indirectamente dependen de que Vulcano funcione.

O Ministerio de Industria volveu dicir non a Vulcano, a Vigo e ó sector naval cando non asistiu o día 13 de outubro a unha reunión convocada na Xunta de Galicia con todas as partes, co Banco Popular que é o principal financiador da empresa; e volveulle dicir non a Vulcano, ó sector naval e á cidade de Vigo o día 19 de outubro cando se reuniron no Ministerio de Industria D. Jesús Candil, director

xeral de Industria, e dilles ós representantes dos traballadores que “Dende o Ministerio se lles comunicou onte pola tarde que a situación do estaleiro é insalvable e que a empresa non conte cos vimbios suficientes para superar a actual situación patrimonial”.

Se a situación é insalvable permítannos que esteamos moi preocupados porque o que vemos é o que subxace, unha segunda reconversión do sector naval por parte do goberno de Zapatero mentres o alcalde se dedica a outras cousas. O alcalde como vai na dirección contraria di que non o chaman, que non recibe unha chamada, pero acode a Madrid varias veces durante este tempo. Acode o Día das Forzas Armadas, foi a semana pasada a unha cea para unha entrega dunha medalla e non sei se é que non o recibe o ministro Sebastián ou é que non ten intención de visitar para que cambie a súa opinión e que lle diga si a Vigo, polo menos para rematar este buque sísmico que o que faría sería que en dúas semanas puideran entrar a traballar 500 traballadores a Vulcano e así se retomase a actividade do estaleiro.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O BNG non precisa engadirse a nada nin a ninguén cando se trata de defender os dereitos dos traballadores. Foi este Grupo o primeiro grupo municipal que visitou ós traballadores e traballadoras na propia Factoría Vulcano para nos interesar pola súa situación.

Pero volvo dicir o do principio, volvemos outra volta caer en se o Ministerio de Industria non fixo. Nós poderíamos dicir, Sr. Fidalgo, que a Xunta de Galicia forma parte da sociedade PYMAR exactamente igual que o Ministerio de Industria e polo tanto ten tamén a capacidade de incidir e premer a PYMAR para que acepte esa lei de acredores que permita a venda do estaleiro Juliana que evidentemente ía facilitar o desenvolvemento financeiro do estaleiro Vulcano.

Non se trata de tirar balóns a uns e a outros. De verdade que volvemos outra volta caer no mesmo. Eu estou presentando nesta Corporación municipal, como representante que son de Vigo e non o son da Xunta, nin do Ministerio de Industria, igual que vostedes que cando están aquí son representantes da cidade de Vigo, non son representantes do goberno do Sr. Núñez Feijóo, nin os compañeiros socialistas son os representantes do goberno do Sr. Rodríguez

Zapatero; somos representantes de Vigo.

Polo tanto non volvamos caer nos debates estériles, aquí o que importa é que haxa un posicionamento unánime como vai haber dos empresarios, dos traballadores e traballadoras desta cidade todos a unha, non empecemos nós agora a ver quen se colga a maior medalla ou a quen lle botamos a peor das culpas. O importante é que en Madrid, en Santiago e a sociedade PYMAR vexan que esta Corporación, que é a que representa á totalidade dos vigueses e viguesas, dille unánime e claramente ó Ministerio e á Xunta que non podemos permitir unha reconversión naval máis.

Miren que fácil, podemos rematar aquí o debate, sinxelamente aprobar por unanimidade que a Corporación municipal en pleno e en maioría, por unanimidade insta ás dúas administracións a que solucionen e salven a continuidade de Vulcano. É así de fácil, todo o demais é volver caer na defensa electoralista de cada unha das formacións políticas.

Nin os do Ministerio de Industria, nin a Xunta van quedar no paro se Vulcano non se salva. Van ser os 1.000 traballadores e traballadoras dos que antes falabamos.

A PRESIDENCIA: Pasamos á votación da moción do Grupo municipal do BNG porque a votación ten que ser inmediatamente despois do debate, se temos debates separados temos que votar.

SR. FIGUEROA VILA: Quedamos en facer os debates xuntos e logo votar.

A PRESIDENCIA: Procédese entón á votación logo desta moción igual.

SR. FIGUEROA VILA: Nós quedamos en facer o debate conxunto cos tempos regulamentarios de cada debate e logo facer a votación no punto correspondente. Niso foi no que quedamos, Sr. López Font, senón imos ter que gravar as xuntas de voceiros porque non hai confianza en vostede, eu dende logo xa non a teño.

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, para entendérmonos: imos votar esta moción

despois.

SR. FIGUEROA VILA: Quedamos en facer o debate conxunto.

A PRESIDENCIA: Votación conxunta non pode ser porque son textos distintos.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, quedamos en facer o debate conxunto cos tempos correspondentes de cada moción. Agora, en teoría tocaríanos a nós debater como se fose a nosa moción e logo votaríamos esta moción, continuaríamos o Pleno e cando chegásemos á moción nosa votaríamola.

A PRESIDENCIA: Paréceme un pouco estraño pero acepto esa decisión da Xunta de Voceiros.

Procedemos a debater o punto 5.4, Moción do Grupo municipal do Partido Popular solicitando instar ó Ministerio de Industria axudas para o estaleiro Vulcano.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Domínguez Olveira, non temos inconveniente en xuntar o que é o pedimento das dúas mocións porque é o mesmo. Nós estamos a falar de instar ó Ministerio de Industria a que poña axudas e lle bote unha man ó estaleiro Vulcano, vostede está a falar de Ministerio de Industria e Xunta de Galicia. No noso pedimento non puxemos Xunta de Galicia porque xa o está a facer. Entón non temos inconveniente en dicir: “Instar á Xunta de Galicia a continuar axudando ó estaleiro Vulcano e instar ó Ministerio de Industria a que axude ó estaleiro Vulcano”, polo menos a que non diga non unha vez máis porque esta semana é clave.

Entre mañá e pasado mañá se vai decidir na comisión executiva de PYMAR se se lle avalan os catro millóns de euros que faltan, porque dezasete millóns de euros xa os comprometeu o conselleiro de Industria, D. Javier Guerra, ex-compañeiro noso de Corporación, xa remitiu por carta o compromiso de avalar dezasete millóns de euros, de inxectar en *cash* ó Fondo de Garantía Patrimonial de PYMAR, que é quen avala as operacións do sector naval porque é quen xestiona a xerencia do sector naval e non temos inconveniente en apoiar esa moción porque

é o mesmo.

Vulcano é un dos estaleiros máis importantes da cidade, ten case un século de vida, nace en 1919 e coidamos que co número de parados que hai na cidade, 27.800 parados, 10.000 dende que o Sr. Caballero é alcalde, co número de familias que teñen a todos os seus membros en paro que son máis de 8.000, cun número superior a 40.000 as persoas que en Vigo viven por debaixo do albor da pobreza. Sr. alcalde, esta cidade non se pode permitir o peche de nin unha empresa, menos de Vulcano, unha actividade como o naval que todos nos enchemos a boca dicindo que Vigo é punteira no sector naval, na automoción, nas conservas, etc.

Vostedes, os socialistas, cando falan de cambiar o modelo produtivo, a que se refiren? A deixar de facer as cousas que sabemos facer? A deixar de facer barcos, coches? E a facer que?

Agora acabamos de votar que cambie o uso da Panificadora para preservar a memoria industrial da cidade. Pero que é máis importante, a memoria industrial ou a actualidade industrial da cidade? De que viven as nosas familias, Sr. Alcalde, da memoria ou do presente?

Sinceramente, Sr. Alcalde, eu coído que vostede vai totalmente en dirección contraria, está equivocando as prioridades dos cidadáns. O paro e a crise económica é o que lles importa ós cidadáns e Vulcano e o sector naval están relacionados total e directamente co paro.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Fidalgo, eu propoño que paremos o debate aquí. Por unha vez demos a sensación de que non queremos debater por debater. O Partido Popular está absolutamente de acordo en que se lle diga ó Ministerio de Industria e á Xunta de Galicia que poñan todas as medidas necesarias para salvar a continuidade de Vulcano; estamos de acordo niso. Eu propoño que paremos o debate, refundamos as dúas mocións e votemos por unanimidade esa declaración da Corporación. Esa é a miña proposta, Sr. Presidente.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Por unha banda trátase polo Partido Popular de manifestar unha gran preocupación por Factorías Vulcano, pero logo o que se ve na

intervención é facer un pouco de propaganda.

Por seren máis claro que vostedes, o Ministerio de Industria a través de PYMAR xa comprometeu os catro millóns de euros e o conselleiro de Industria cando foi a Vulcano a que pensaba que ía, a facer turismo laboral? Que non se ía ter que comprometer? Entón, vostedes non están para gobernar? Claro que tivo que soltar os cartos. Pensou que ía de turismo e tivo que saír aportando.

A pregunta do millón, esa que non contestaron vostedes é: onde está o compromiso da Xunta de Galicia para o futuro do centro de traballo de Factorías Vulcano? Aí vostedes non entran nin se comprometeron. Non só é o compromiso para o buque sísmico, ten que ser tamén o compromiso para o mantemento do emprego e do centro de traballo de Factorías Vulcano, non se queden só no buque sísmico.

Vostedes non desaproveitan ocasión para insultar ó alcalde desta cidade, non teñen ningún respecto polas institucións e estámolo a ver xa por todo o territorio nacional.

Aquí, os propios estaleiros que están en PYMAR e as outras comunidades autónomas votaron en contra dese aval. Eu non quero entrar, porque sería máis gravoso para o que nos ocupa, na xestión de Vulcano ou se a compra de Juliana por Vulcano foi unha boa ou mala decisión. Non quero entrar niso porque podería prexudicar pero non collan vostedes as cousas só polo último senón por todo o que hai detrás.

En todo caso o alcalde si estivo comprometido e segue comprometido con Factorías Vulcano facendo xestións no Ministerio de Industria, faltaría máis, como o fai con todo e como se preocupa pola economía e polo emprego desta cidade, cousa que non fan os señores do Partido Popular nin o Sr. Núñez Feijóo que en corenta días nos sacaba da crise e remataba co desemprego en Galicia e resulta que o Sr. Núñez Feijóo ten 240.000 parados en Galicia, 28.000 deles en Vigo e non fai absolutamente nada por eses desempregados.

Que leva feito o goberno galego por esta cidade ou por Galicia para rematar coa crise e co desemprego? Absolutamente nada e vostedes querenlle cargar a responsabilidade a outros, ese é o seu traballo. Voulle poñer dous exemplos que sacaba algún concelleiro porque isto vai de emprego.

O anterior goberno da Xunta de Galicia achegou para cooperación 2.300.000 euros para contratar máis de 250 desempregados e desempregadas desta cidade. Este ano a Xunta de Galicia achegou 725.000 euros para contratar uns poucos por seis meses. Tamén un plan experimental que nós viñamos desenvolvendo os dous últimos anos con éxito, que nos permitía empregar a xente en todo tipo de centros de traballo, por parte do Partido Popular dende esa bancada non se fixo nin unha soa crítica malia as denuncias. Agora se lembra un programa do que xa falaremos e ese si parece que interesa, parece que hai un recente interese retomado.

En todo caso está o compromiso do noso alcalde, Abel Caballero, co emprego desta cidade, co centro de traballo Factorías Vulcano, cos seus traballadores e traballadoras. Non falen aquí de segunda reconversión que non hai nada diso, hai unha circunstancia real que é que non hai financiamento para facer moitos dos buques pero estamos seguros de que, como sempre fixeron os nosos estaleiros, sairán adiante, sairán a flote e nunca mellor dito, malia o Partido Popular.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sr. Rodríguez, nós non insultamos a ninguén, non escoitou da miña boca ningún insulto. Agora ben, se lle molesta e lle pica é por algo.

Isto de falar de turismo laboral que é novo, débelle pedir o copyright ó Sr. Touriño porque lembro que o día anterior ás eleccións autonómicas á presa e correndo fixo un mitin o venres pola tarde en Barreras para se sacar a foto e tentar salvar os mobles cando xa o daban as enquisas por perdedor.

Gustaríanos que en troques de dicir cousas que non teñen que ver estritamente coa moción nos explicara esas xestións que fixo o alcalde. Vostede dixo que fixo xestións pero eu coído que non levantou nin o teléfono cando Vigo e Vulcano teñen dereito a que se lles axude como se fai con outros sectores e con outros estaleiros do resto de España. Así temos o exemplo dos estaleiros de Sevilla que asinaron un acordo fenomenal para Huelva e para Sevilla, o que pasa é que hai eleccións rexionais e autonómicas no mes de maio. Por algo será, ó mellor é que Vigo está pagando a factura dese acordo beneficioso en Sevilla e en Huelva, ó mellor van por aí os tiros.

Falamos de segunda reconversión porque aquí D. Jesús Candil, director xeral de

Industria, di ós traballadores que se está elaborando un plan xeral para o sector naval e que ademais a situación de Vulcano é insostible. Ou sexa que medo me dá o Sr. Candil.

Os compromisos da Xunta de Galicia están por escrito. Esta é a carta que lle envía o conselleiro de Economía e Industria, D. Javier Guerra, a PYMAR o pasado venres comprometendo dezasete millóns de euros: “En relación coa solicitude efectuada por Factorías Vulcano infórmolle que a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, así como o IGAPE da Consellería de Economía e Industria pola presente se compromete incondicional e irrevogablemente a incrementar a súa achega no Fondo patrimonial de garantías de PYMAR en 16,7 millóns de euros”. Isto para avalar a construción do buque sísmico 533 porque cando se remate este buque Vulcano ten máis pedidos, ten o 535 a medio rematar, ten un de apoio a unha plataforma petrolífera; ten dous pedidos máis ó remataren este. Pero, que queren vostedes? Estrangulalos non sei para que, para facer un paseo pola Guía ou por Teis.

A PRESIDENCIA: O Sr. Domínguez Olveira solicitaba deter o Pleno durante un minuto.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Non, non é necesario paralizar o Pleno. A proposta que eu quero someter ós outros dous grupos é que falemos realmente de Vulcano e polo tanto...

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, o debate rematou.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vou explicar a proposta.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez, hai dúas propostas escritas, se hai algunha alteración ten que ser presentada.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Teño todo o dereito do mundo a explicar a proposta que quero que se someta a votación porque estamos...

A PRESIDENCIA: Non, Sr. Domínguez, non ten dereito porque interveu e ocupou as súas quendas. Vostede non ten dereito. Sr. Domínguez Olveira, non ten a palabra.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Estamos votando a nosa moción, a moción que eu presentei.

A PRESIDENCIA: Está escrita. Sometemos a votación...

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pero eu quero presentar outra proposta.

A PRESIDENCIA: Non pode, Sr. Domínguez Olveira, xa consumiu as súas quendas. Se vostede quere propoñer algo temos que suspender o Pleno, temos que falar e vostede propón se hai acordo. A súa proposta está escrita.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pois suspendamos o Pleno un minuto. Polo ben da unanimidade prefíroo.

A PRESIDENCIA: Suspendemos o Pleno un minuto para dialogar.

A petición do voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, sendo as dez horas e vinte e dous minutos, suspéndese o Pleno para acordar un texto conxunto que se someta a votación. Sendo as dez horas e vinte e catro minutos continúaase a sesión plenaria.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Xa temos un acordo, Sr. Presidente. A proposta que fai o Bloque Nacionalista Galego en colaboración e de acordo coa outra moción do Partido Popular é que se vote unha soa moción, se refundan as dúas nunha que diga: "A Corporación municipal de Vigo por unanimidade insta á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Industria a adoptar todas as medidas necesarias que permitan garantir a continuidade do estaleiro Vulcano de Vigo".

A PRESIDENCIA: Procedemos á votación da moción nos termos lidos polo Sr. Domínguez Olveira.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Substituír o texto das mocións formuladas polos Grupos do BNG e máis do PP que se transcriben nos antecedentes deste acordo, polo seguinte:

A Corporación Municipal de Vigo insta por unanimidade á Xunta de Galicia e ó Ministerio de Industria a adoptar as medidas necesarias para garantir a continuidade do Estaleiro Vulcano de Vigo.

5.2.- (247).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Á LICITACIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro, número 59/2010, o concelleiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“As carencias de infraestruturas sanitarias en Vigo e a súa área de influencia resultan evidentes. Na lexislatura pasada o Goberno galego tomou a decisión de deseñar e iniciar unha nova dotación hospitalaria que resolverse os problemas de déficit de infraestruturas e servizos sanitarios.

Así, o novo hospital de Vigo foi deseñado e iniciado para proporcionar unha infraestrutura sanitaria que respondese axeitadamente, dende a sanidade pública, a todos os cidadáns da área sanitaria de Vigo. O goberno anterior deseñou un proxecto de futuro, con capacidade axeitada e tramitou todo o expediente para que no ano 2009 comezasen as expropiacións dos terreos e se licitasen as obras.

Deste xeito o orzamento da Xunta de Galicia do ano 2009 encomenda a execución desta obra pública á SPI dependente da Consellería de Facenda, infraestrutura que, polo tanto, sería executada, conservada, xestionada e financiada enteiramente polo sector público.

O novo Hospital de Vigo foi obxecto de licitación, mediante un sistema de obra

pública.

Este sistema é máis custoso que o correspondente a licitación da obra pública, acumula débeda para xeracións futuras.

É máis ineficiente, introduce no sistema hospitalario público un decisor privado permanente é único, movido pola rendibilidade e non de servizo público e encarecendo a prestación do servizo sanitario.

O custo total do hospital de Vigo ascende a 374,37 M € con financiamento público, a licitación privada feita por Feijóo, cuadriplica o custo do hospital.

Polo exposto o Pleno do Concello de Vigo insta a Xunta de Galicia a:

- Desistir do procedemento e anular a licitación do Hospital de Vigo por concesión de obra pública.
- Licitación do Hospital de Vigo como contrato de obras con financiamento, con xestión pública, como os hospitais de Lugo e Santiago de Compostela."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de outubro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: O Grupo municipal socialista presenta esta moción que xa foi obxecto de debate neste Pleno coa intención de garantir un hospital público para Vigo.

É evidente que as carencias de infraestruturas sanitarias en Vigo se abordaron polo anterior goberno da Xunta de Galicia quen proxectou un novo hospital para Vigo que tiña dotación presupostaria a través da SEPI, dependente da Consellería de Facenda, e que ía ser xestionado e financiado enteiramente polo sector público. Este era o compromiso do goberno anterior da Xunta de Galicia e, lembrando o que dicía anteriormente un concelleiro do Partido Popular, isto é o que se merece a cidade de Vigo.

A partir do goberno do Sr. Núñez Feijóo, da súa campaña de agresión, de "ninguneo" a esta cidade cámbiase o modelo de licitación e convértese nun sistema de obra pública que é como se pretende licitar. Atopámonos agora con que un hospital, tal e como se di na moción, cuxo custe está estimado en 374 millóns de euros, cuadriplícase e vaise a 1.200 millóns de euros porque, como reconece a propia Xunta de Galicia, o que vai aboar é un canon anual de 72

millóns de euros.

Nós estamos en contra desta proposta do goberno galego, a cidadanía entendeu, agrupouse en torno a plataformas, en torno ós partidos políticos e sindicatos para acadar que o hospital de Vigo sexa público.

É evidente que o único que lle interesa ó Partido Popular, como demostra en toda a súa acción política, é favorecer o negocio do sector privado. Para os socialistas é incuestionable o carácter público da sanidade e polo tanto entendemos que non se debe xogar cuns beneficios empresariais que ademais van impedir unha correcta xestión do hospital, vai haber unha dobre xerencia, un conflito entre administracións e é evidente que os cidadáns de Vigo van ver diminuída a calidade asistencial no hospital de Vigo. Coidamos polo tanto que estamos diante dun “*pelotazo*” económico e así o entenderon os cidadáns.

Os socialistas loitamos dende hai moitos anos pola universalización e pola gratuidade da sanidade pública. Cando estamos falando de saúde non se pode comparar a instalación dun hospital con outro tipo de infraestruturas.

Porque coidamos que os concelleiros do Partido Popular deben estar aquí para defender ós cidadáns de Vigo para defender a sanidade pública, nós o que propoñemos na nosa moción e ogallá o obteñamos, é que de acordo co texto proposto e por unanimidade deste Pleno, solicitar da Xunta de Galicia desistir do procedemento que queren aplicar e anular a licitación do hospital de Vigo por concesión de obra pública. Dicimos isto porque noutros hospitais como o de Lugo e o de Santiago de Compostela o sistema de licitación é radicalmente diferente.

Coido que toda a Corporación debe estar a favor desta proposta que realizamos os socialistas, cremos que coa saúde dos cidadáns non se pode xogar. Resulta sorprendente que tanto nas autovías, onde dobra e triplica as licitacións o Partido Popular, como na sanidade o que vale 374 millóns de euros, por favorecer os negocios privados se vaia a un custe de 1.200 millóns que ó final pagarán os cidadáns cunha peor calidade asistencial.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Quero comezar dicindo que por enésima vez se trae unha moción a este Pleno falando do hospital. O BNG trouxo unha moción no mesmo sentido en xaneiro de 2010, falabamos exactamente do mesmo. En abril a

ciudadanía manifestouse polas rúas de Vigo, 50.000 persoas pedindo que se paralizara a privatización do novo hospital. Pero todas estas chamadas non causaron efecto no Sr. Núñez Feijóo nin no goberno da Xunta que pretende seguir adiante coa privatización do novo hospital, privatización que vai ter uns custes aterradores para toda a cidadanía.

Como ben dicían os titulares dos xornais esta semana pasada o hospital de Vigo triplica o seu custe co modelo elixido pola Xunta e algo que co anterior goberno bipartito ía custar pola Sociedade Pública de Investimentos 457 millóns, vai custar ás arcas públicas 1.556 millóns de euros. Pero non só vai custar esa cantidade a vinte e tres anos vista dende que se empece a construír, senón que ademais vai endebedar a sanidade pública que vai perder calidade. Págalo a través dun canon que nos vai custar 70 millóns cada ano e vai implicar que nun futuro iso se saque de Capítulo II de gasto corrente. O gasto corrente vai para o sostemento da sanidade pública, para o sostemento e mellora da calidade de asistencia. Polo tanto, se sacas do gasto corrente iso vai repercutir na calidade da sanidade que se preste.

Unha vez máis Vigo vai ser a cobaia do Sr. Núñez Feijóo que foi quen xa puxo en marcha todos os hospitais, as fundacións que o goberno bipartito tivo que meter de novo o SERGAS. Pois ben, volvemos seren cobaia e do malo, porque ó Sr. Núñez Feijóo non lle interesa Vigo nin a calidade pública da sanidade. O que queren é privatizar, obter enormes beneficios sen correr riscos, quedar ben. Pero van quedar mal e quen vai pagar as consecuencias é a cidadanía de Vigo, a da Área Metropolitana. Van pagar máis polo mesmo e ademais vai hipotecar os orzamentos dos nosos fillos e netos en sanidade pública.

Non é novo este sistema, xa o probou a Sra. Thatcher en Inglaterra e foi o desastre do sistema sanitario nacional inglés. Durante os anos que durou este sistema, chamado PCI, como todos saben, en Inglaterra reducíronse 13.000 camas entre o ano 1997 e o 2001. Os hospitais teñen menos camas e menos persoal e por moito que se diga que a xestión sanitaria é pública, eu preguntome: como van coordinarse as empresas que teñen a propiedade de todo o resto dos servizos e a sanidade pública? En Madrid e en Valencia están endebedados e isto é o que se pretende con esta formula que quere aplicar o Sr. Núñez Feijóo.

O hospital, a sanidade non é unha autoestrada, coa sanidade non se xoga e coa calidade da sanidade de todos os vigueses e viguesas e de todos os habitantes e cidadáns da Área Metropolitana non se debe xogar. Isto é o que quere facer o Partido Popular e o Partido Popular de Vigo o que tiña que facer é mirar pola condición que imos ter a nivel sanitario todos os vigueses e viguesas e non apoiar semellante aberración.

Imos pagalo nun futuro e por iso eu agardo que toda a cidadanía acuda o día 21 á manifestación que vai haber en Santiago para ter unha boa calidade.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Hoxe o PSOE, o Bloque e Caballero quítanse a careta, din o que realmente queren respecto ó novo hospital público de Vigo. Durante meses buscaron un eufemismo para xustificar o intento de boicot e paralización dese novo hospital o e hoxe dino con toda a claridade: queren paralizar e atrasar a licitación do novo hospital público. Era a intención do Sr. Caballero dende que soubo que un goberno ía poñer en marcha o hospital, sabía que o Sr. Touriño non o ía poñer nunca en marcha, pero en canto o Partido Popular anunciou e puxo en marcha todos os procedementos precisos de expropiación de terreos, licitación, anuncio no Diario oficial das Comunidades Europeas e toda a licitación foi cando iniciou a campaña para parar e atrasar o hospital.

Se isto prexudica á asistencia sanitaria pública en Vigo, non importa. Que teñamos agora un hospital obsoleto, superado, un hospital que non presta os servizos mínimos sanitarios, non importa. O importante para o Sr. Caballero é paralizar a nova construción do hospital público de Vigo, mesmo para el semella que lle vai mellor cun hospital peor na nosa cidade. Os que non fixeron nada en catro anos polo novo hospital público de Vigo agora o queren parar e atrasar.

Din que licitaron pero en catro anos non licitaron, Sr. López Font, non houbo ningún anuncio, nin sequera o anuncio previo no Diario oficial das Comunidades Europeas, o único que houbo foron folletos. Catro presentacións e o Sr. Caballero nunca dixo nada de a ver que pasaba co hospital malia os atrasos que sufríamos na súa construción.

Agora critican mesmo o sistema de financiamento público-privado. Por certo, hai

unha certa confusión. Antes vin que un concelleiro confundía un edificio cun ben de interese cultural que son cousas totalmente distintas, fai falta unha declaración para ser ben de interese cultural. Vostedes están confundido o contrato de concesión e explotación de obra pública, co contrato de xestión de servizos públicos. Son dúas cousas completamente distintas e cando se fala do que non se sabe quérese confundir á xente.

Se todos os países de Europa están acudindo a este sistema de financiamento público ou privado non importa. Islandia, Francia co Partido Socialista, Alemaña con Schröder, Italia, Reino Unido, Portugal, ata a República Checa, están equivocados, a razón tena o Sr. Caballero que o maior hospital de emerxencias de Estocolmo, San Goran, acudira a un sistema de financiamento pública-privada non importa, sabe máis o Sr. Caballero de xestión pública sanitaria que os gobernos social demócratas suecos. Que no resto dos países democráticos industrializados, Canadá, Xapón, Australia, apliquen este sistema non importa, sábeo mellor o Sr. Caballero.

Que as comunidades autónomas gobernadas polo partido Socialista e nacionalistas acudan a este sistema non importa, equivócanse. En Cataluña e Baleares, o hospital Son Espases, a ampliación do Son Dureta ou o Son Dureta 2 e o hospital Can Misses son dous hospitais licitados polo sistema que vai empregar a Xunta de Galicia e por un goberno socialista. Aquí está unha nota do goberno socialista-nacionalista de Baleares. O señor Font di “Nós, os socialistas”, serán algúns socialistas ou os de Vigo porque os de Baleares non din o que vostede di. En Can Misses o Sr. Antich, presidente socialista de Baleares, di “Seguimos o modelo económico máis soportable”. Vostede fala de contas públicas. O Sr. Antich, empregando este procedemento di que é o modelo económico máis soportable. Quen ten a razón? É máis, mesmo a ministra de Sanidade que foi ó novo hospital construído por este procedemento e a prensa di: “Trinidad Jiménez eloxia o novo hospital de Mallorca” cun modelo similar ao vigués. Tamén se equivoca a ministra de Sanidade? A ministra tamén di “É un exemplo do magnífico nivel de excelencia do sistema nacional de saúde e do compromiso coa sanidade pública”. Dio a ministra socialista do goberno do Sr. Rodríguez Zapatero pero o goberno e máis a ministra se equivocan e sempre ten a razón o Sr.

Caballero.

O Sr. Font dicía que se impediría unha correcta xestión. Non é o que di a ministra deste procedemento de construción de hospitais.

O único que xustifica a súa intención de paralizar ou atrasar o novo hospital é que o constrúe un goberno do Partido Popular. Que saiban os vigueses que o sistema que reclaman se se votase a moción suporía que o hospital non se poría en marcha, habería que paralo, volver iniciar todo, licitando por un sistema que, á parte de que non hai diñeiro para el e por iso se acode a este, ata o 2022 non teríamos o novo hospital público de Vigo. Dez anos tardou o hospital de Lugo máis a licitación. O Sr. Caballero quere atrasar ata 2022 o hospital público de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Queda moi clara a proposta do Partido Popular de Vigo, é evidente que o que non queren é un hospital público para esta cidade. Acaba do dicir vostede, cita moitos exemplos pero non sei por que non se refire ós exemplos de Lugo e de Santiago de Compostela.

Sr. López-Chaves, a gran mentira do Partido Popular é facer crer ós cidadáns que o novo hospital de Vigo o proxectaron vostedes e foi unha idea de seu. O Sr. Fraga pretendía un hospital para Vigo de 400 camas fronte ó hospital proxectado polo Sr. Touriño, como presidente da Xunta de Galicia, con 1.500 camas. Esta é a realidade, que o Sr. Núñez Feijóo quere estrangular economicamente a Vigo e aplicar no noso hospital o que non aplica noutros hospitais da comunidade autónoma. Isto é o que vostedes deberían combater como concelleiros do Partido Popular.

Nunha xuntanza á que asistín, a secretaria xeral do SERGAS recoñeceu que no hospital que se vai facer en Vigo non fixeron vostedes absolutamente nada novo, é o proxecto que tiña o Goberno do Sr. Touriño. Non tiveron tempo e o peor para Galicia e que non terían nin capacidade para o facer.

A realidade que hai aquí e que teñen que coñecer os cidadáns é que vostedes están beneficiando o negocio privado, igual que fan nas autopistas e que ven hoxe en prensa. Iso é o que vostedes pretenden, que un hospital público como todos os hospitais que hai en España, que custa 374 millóns de euros, por

favorecer a determinados sectores privados vostedes o converten nun canon de 72 millóns. Os cidadáns entenderon perfectamente que ao único que están vostedes coa sanidade é a privatizala. Pon moitos exemplos pero do que ten que falar é dos exemplos da mala xestión da sanidade en Madrid e en Valencia onde vostedes gobernan.

Vostedes son concelleiros do Partido Popular en Vigo e é indigno que un hospital que debe ser público para os cidadáns desta cidade o queiran converter en privado, cunha xestión privada que vai ir en contra da calidade asistencial.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, relativa ó procedemento de licitación do novo hospital de Vigo co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.3.- (248).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA Ó NOITEBÚS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 20 de outubro, número 60/2010, o voceiro do Grupo Municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O Noitebús é unha das medidas incluídas no Plan Galego de seguridade viaria 2006/2010 posto en marcha polo anterior Goberno da Xunta de Galicia.

Dende a súa posta en marcha tivo unha gran aceptación por parte da mocidade galega, véndose incrementada cada ano a cifra de usuarios e usuarias. O éxito é a aceptación deste servizo fixo que o Noitebús se consolida como unha alternativa real e segura ao emprego do vehículo privado nos desprazamentos nocturnos a zonas de ocio, sobre todo, como unha medida clara de mellora da seguridade viaria das mozas e mozos galegos e que atribúe a reducir a sinistralidade.

O día 20 de setembro de 2010 o Presidente da Xunta de Galicia anunciou a redución de servizos “adicionais”, un novo *tixeiretazo*. Neste caso son os mozos e mozas galegos os que o van sufrir, este novo recorte supón a supresión de transporte nocturno a lugares de lecer, Noitebús.

O Presidente da Xunta de Galicia segue sen tomar decisións que supoñan un recorte de gastos realmente superfluos, pero, pola contra, segue coa súa folla de ruta consistente en atacar políticas de Benestar social, xa sexan dirixidas á mocidade ou a outros sectores da poboación. Pero neste caso non só estamos a falar dun empeoramento, de recortes das políticas que repercuten no benestar social dos galegos e das galegas, estamos a falar de seguridade, de seguridade viaria. O Señor Núñez Feijóo pretende suprimir un servizo que ten evitado todas as fins de semana numerosas traxedias nas estradas galegas.

O Noitebús ten resultado moi positivo e ten reducido notablemente os sinistros de tráfico vinculados ao ocio nocturno da xente moza.

O pasado mes de xullo na páxina web Xunta de Galicia facíanse públicos os datos do número de usuarios e usuarias do Noitebús entre o 1 e o 25 de xullo de 2010, que ascendían a 35.430 mozos e mozas. Dato do que o Goberno da Xunta de Galicia se gababa.

Na mesma comunicación na que facían públicos estes datos falaban de que o éxito deste servizo viña avalado por un continuo incremento da demanda, consolidando o Noitebús como unha alternativa cada vez máis clara ao vehículo privado. Así mesmo, afirmaban que o Goberno da Xunta de Galicia seguiría impulsando este servizo porque estaban convencidos de que contribuía a salvar vidas.

Por todo isto o Grupo Municipal do Socialista de Vigo solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a que asegure a financiamento para o mantemento do servizo de transporte nocturno a lugares de lecer coñecido como Noitebús, sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do 18 de outubro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Á hora de presentar esta moción coincidíamos co grupo do BNG que tiña outra presentada que por suposto imos ter en conta á hora de facer a resolución final para votar neste Pleno.

A Xunta de Galicia di “O Noitebús estase consolidando coma unha alternativa cada vez máis clara ao vehículo privado nos desprazamentos nocturnos a zonas de lecer.” Entre os días 1 e 25 de xullo deste mesmo ano, 35.430 mozos e mozas utilizaron este servizo. A Xunta de Galicia felicítase polo éxito do servizo e aí están as importantes cifras de incremento da demanda. “A Xunta de Galicia seguirá impulsando este servizo porque estamos convencidos de que contribúe a salvar vidas”.

Os que me escoitan estaranse preguntando dende cando eu me converto en voceiro da Xunta de Galicia. Non, este texto é o que aproximadamente defendía a Xunta no mes de xullo, cando facía balance destes datos. A Xunta dicía que este servizo era fabuloso, que evitaba moitas traxedias por accidentes nas estradas galegas e sen embargo moi pouco tempo despois suprime o orzamento para que este servizo poida ser viable.

Que pasou neste tempo? A situación económica era tan diferente no mes de xullo á de agora? É obvio que non, o que aconteceu foi que nas súas propostas de apertar o cinto, sobre todo en temas que teñen ademais unha importante incidencia social que ten que ver co benestar dos cidadáns, neste caso da mocidade galega que van divertirse as fins de semana procurando na medida do posible que haxa o menor número de accidentes, esqueceuse totalmente neste período de dous meses.

Pode ser porque esta medida era da Xunta anterior, englobada con moitas máis no que se chamou “Plan galego de seguridade viaria 2006-2010”. Pode ser que á Xunta de Galicia as cousas ben feitas pola Xunta anterior quereas rematar. Pode ser que xa non lle preocupan as vidas dos mozos e mozas que no mes de xullo estaba salvando esta proposta que eles seguían defendendo. Que aconteceu? Este é o absurdo no que estamos metidos.

Un absurdo en que a Xunta de Galicia está presa dunha absoluta contradición e por iso, obviamente e supoño que ademais en moitas outras zonas de Galicia, á parte do Parlamento, as forzas progresistas están a defender que se retome este servizo. Por iso, para salvar vidas de mozos e mozas, para mellorar a seguridade vial, estamos a propoñer alternativas coma a que se presenta nesta moción á que propoño en engadido para que ó mesmo tempo se inclúa unha parte da moción que non estaba contemplada polo Grupo Socialista e si na moción do BNG.

Propoñemos o seguinte texto: O Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia a que asegure o financiamento para o mantemento do servizo de transporte nocturno a lugares de lecer coñecido coma o “Noitebús”, engadindo: Sen aplicar ningunha redución das rutas existentes e mellorando a súa dotación e funcionamento no conxunto do territorio galego.

SRA. VELOSO RÍOS: O “Noitebús” é un servizo que tivo durante o seu funcionamento e ata agora un éxito importante entre a mocidade galega. Máis de 400.000 usuarios utilizaron este servizo e hai que subliñar que entre eles podemos atopar ó mesmo presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo, quen utilizou este servizo na Festa do Albariño en Cambados, ou nos “xoves de comadres” do entroido de Verín. Tan mal non debía estar cando o propio presidente apoiaba e utilizaba este servizo. É normal porque o Partido Popular mentres estaba na oposición no Parlamento de Galicia reclamaba constantemente o aumento do servizo. Tanto o Partido Popular como Nuevas Generaciones constantemente pedían que o anterior goberno da Xunta de Galicia aumentase o servizo. O propio conselleiro de Infraestruturas, D. Agustín Hernández, afirmaba que este servizo contribúe a salvar vidas e na páxina web da consellería podiamos ler xustamente ata a semana pasada que formaba parte da “firme aposta da Consellería de Medio Ambiente pola seguridade viaria e a redución da sinestralidade nas estradas”. É curioso, figuraba ata a semana pasada, agora é un malgasto un servizo apoiado tamén pola Dirección Xeral de Tráfico ou por Stop Accidentes.

O máis triste de todo é que isto estaba premeditado, non é un recorte porque nos

quedáramos sen cartos. Estaba moi claro. Cando se sacou a Orde de subvencións no mes de abril sacouse xa para o segundo semestre do ano en troques de sacar para o último trimestre e primeiro trimestre do ano que ven que era como se viña facendo. Xa non había intención de continuar con este servizo para o ano que ven dende o mes de abril, xa daquela estaba perfectamente instalado e claro o discurso da austeridade.

Esa austeridade que nos permite gastarnos máis de 500 euros en cada cadeira das que imos poñer na Biblioteca da Cidade da Cultura porque, como non son para uso de políticos, parece que o “Noitebús” si é para uso de políticos aínda que Núñez Feijóo o utilice puntualmente porque para todos os días o que ten é o coche oficial. Despois de malvender os Audis do anterior goberno, dende marzo de 2009 leva gastados máis de dez millóns de euros en 500 coches oficiais. Esa é a austeridade do goberno actual que prefire gastar en coches oficiais que en buses. Ou gastar 1.000.000 de euros en publicidade sobre o Decreto do galego, ou 3.800.000 euros que é o que vai custar, segundo a Asociación Galega de Editores, prescindir de 190.000 libros de texto escritos en galego que aínda están en vigor.

Mentres os pais e as nais a pagar os libros ó inicio do curso. Esta é a austeridade. Por certo, co que nos imos gastar en oito horas de visita de El Papa poderíamos pagar os “Noitebús”.

SRA. ROMERO RODRÍGUEZ: O primeiro que quero deixar claro é que o “Noitebús” non se suprime. Si é certo que a Xunta non elimina este servizo senón as subvencións, pero este servizo se poderá seguir a prestar por parte de empresas privadas, polo menos.

A min rechámame poderosamente que fale de non sei cantos milleiros de usuarios, 35.000, dixo o Sr. Calviño, 16.000 son os datos da cidade de Vigo.

Detrás de cada usuario hai persoas e parto da base de que a esas persoas as hai que previr, as hai que educar. Aí si está a incidencia social da que falaba o Sr. Calviño.

O que tamén me rechama poderosamente é que hai que fomentar e eu preguntome, onde se fomenta dende este Concello a conducción segura, as

alternativas saudables? Pero xa mo demostraron, como xa o demostrou o goberno bipartito no 2005, que suprimiu os programas “Agora moto” e “Non sexas dummie”. Pero menos mal que hoxe, gracias o goberno Núñez Feijóo, estanse levando a cabo programas de concienciación para condución segura como son as campañas “Conductor alternativo, libre ó volante, cero alcol, cero preocupacións” que achegan a máis de 40.000 mozos á información de conducir sobrios. Podería seguir cos campamentos xuvenís onde se informa todo o verán a 1.600 xoves. A preocupación é esa: fomentar a condución segura, educarnos á mocidade sobre as consecuencias que ten conducir en mal estado.

Quero salientar ben isto: cal é a prevención dende este Concello? Cero, cero programas de prevención, nulo fomento de condución segura. O interese que demostran é mínimo por non dicir ningún. Isto non é que o diga eu, non hai máis que entrar na páxina web do Concello que dende este ano que eu son concelleira xa levo escoitando dende o meu Grupo as denuncias da cero actualización da páxina web e en concreto neste tema. Nesa páxina consta o programa de “Tardes e Noites Vivas” que todos sabemos que dende o 2008 está parado e en suspenso e segue aí como unha clara alternativa aínda que non está vixente. Isto si que demostra unha clara falta de interese por parte deste Concello e deste goberno.

Á parte é que os datos son alarmantes. Onte saía nun medio de comunicación que idade media de inicio do consumo de alcol é de 16,8 anos, pero é peor aínda se analizamos que só entre a poboación menor de 18 anos a idade media descende ata o 14,1. A min parécenme datos arrepiantes. Tamén a cifra de menores atendidos por beber alcol crece ano tras ano.

Eu non sei se alguén de vostedes colleu o “Noitebús”. Eu non son usuaria pero coñezo a liña Vigo-Baiona da que podo falar con claridade e imos recoñecer que esa liña é certo que vai chea, pero calquera persoa que utilizase este servizo, non sei se vostedes, Sr. Calviño e Sra. Veloso, foron algunha vez, ó mellor si, eu non os mirei, pero saben que ese autobús en proporción con toda a xente que foi de ida, volve completamente baleiro e o que volve cheo é o primeiro autobús da mañá que pertence a unha empresa privada da que non vou dicir o nome porque maxino que todos saberán. Por iso se os mozos se queren mover e queren saír custéanse o transporte nocturno.

Tamén me gustaría facer unha mención clara de que a seguridade viaria si que é unha prioridade para o goberno da Xunta e así o demostra co novo plan de transporte metropolitana. A semana pasada eramos testemuñas de como o presidente da Xunta confirmaba que o novo transporte metropolitano da Coruña comezará a funcionar a finais deste ano o que supón unha redución de 7.000 vehículos diarios nesa área que deixarán de conxestionar as rúas e todo o que iso implica, un menor risco de atropelos e accidentes. Está claro que querer e poder e malia as diferentes cores políticas chegouse asinar un convenio con dez concellos.

Tamén hai poucas semanas nesta cidade fomos testemuñas do mínimo interese que o alcalde ten pola área metropolitana por iso nós agora ofrecemos a posibilidade de chegar a un acordo coa emenda de substitución que presentamos no sentido de que se estuden as posibilidades de seguir prestando o servizo dunha forma racional e sempre que as condicións e as dispoñibilidades económicas da administración autonómica o permitan. O texto da emenda sería: “Instar á Xunta de Galicia a procurar fórmulas que fagan posible mantemento do servizo de transporte do “Noitebús” conforme á demanda real e ás posibilidades económicas derivadas do actual escenario económico”.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: A verdade é que comezar dicindo que no Concello de Vigo non se fai nada pola conducción segura e saudable, xusto cando hai tres, catro días ou unha semana acábbase de retirar por exemplo unha campaña a ese respecto, campaña por unha conducción saudable, é estar no limbo, estar nunha cidade absolutamente diferente, nunha cidade que vostede non coñece porque é moi clara a preocupación deste goberno municipal pola seguridade vial e as cifras e os resultados están aí . A min o que me preocupa cada ano é que ó descenderen tanto o número de accidentes na cidade non sei se no seguinte ano poderemos superar as cifras.

Esa é a realidade e as medidas para contribuír a esa seguridade vial aí están, medidas que vostedes non fixeron en absoluto porque, por exemplo, dun paso resaltado ós cento cincuenta que temos nestes intres é multiplicar por cento cincuenta o que vostedes fixeron en tres anos e medio.

Pero ese non é o obxectivo fundamental, ademais tampouco me gustaría colgármonos medallas no goberno de que nós si que fixemos efectivamente cousas pola seguridade respecto ó tema do alcol. Aí está a eliminación do “botellón” en todo o Casco Vello ou en Loriga, absolutamente eliminado ese fenómeno sobre o que vostedes non fixeron absolutamente nada. Onde queda por certo é responsabilidade entre outras cousas da Autoridade Portuaria, aínda que supoño que algo faremos nalgún momento.

Xa que tocou o tema do alcol, porque o que me gustaría era falar do transporte, teño que dicir que é absolutamente asombroso que, fronte a que a Xunta anterior estaba disposta a prohibir o “botellón”, a bebida de alcol na vía pública, nese tipo de fenómenos vostedes o que fan é prohibilo ós mozos. Vaise meter á policía nos “botellóns” autorizados pola Xunta a pedir o carné ós mozos. Fabulosa medida para non facer “botellón”.

O que lle vou dicir é o que facemos en Vigo, iso é preocuparnos no transporte público cunha medida que por certo iniciaron vostedes, esa é o “bufo”, o transporte nocturno que temos todas as fins de semana cada media hora con percorridos por toda a cidade de 23 horas, dende as 7,30 horas da mañá, polo módico prezo dun euro para facer calquera viaxe en toda a noite. Iso é actuar no que nós temos responsabilidade, no goberno e na cidade de Vigo.

Vostedes volverán defender á Xunta de Galicia porque non lles preocupa Vigo, supoño que se suprimíramos este servizo estarían vostedes clamando. Por favor, pensen na cidade e non en defender á Xunta.

A PRESIDENCIA: Hai unha emenda de substitución proposta polo Grupo Popular, lida pola concelleira que fixo a defensa. Acéptase?

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Podemos votar a emenda, pero imos votar que non.

A PRESIDENCIA: Non se acepta a emenda. Polo tanto, de acordo co Regulamento, non procede a votación.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos a favor dos membros do Grupo

municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, relativa instando á Xunta de Galicia ó mantemento do servizo do Noitebús ,co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (249).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO INSTAR Ó MINISTERIO DE INDUSTRIA AXUDAS PARA O ESTALEIRO VULCANO. (REXISTRO PLENO Nº 48).

De conformidade do acordado na Xunta de voceiros, as mocións do Grupo municipal do BNG e máis do Grupo Popular, puntos 5.1 e 5.4 respectivamente da orde do día, trátanse conxuntamente, figurando o texto da presente moción a continuación do punto 5.1 desta acta.

5.5.- (250).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO Ó GOBERNO DA NACIÓN A LEVANTAR O VETO Á PROPOSICIÓN DE LEI PRESENTADA POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR PARA QUE NON SE CONXELEN AS PENSIÓNS NO 2011. (REXISTRO PLENO Nº 49).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de outubro, número 49/2010, o concelleiro do Grupo Municipal Popular, Sr. Conde

Gil, formula a seguinte moción:

“O Goberno da nación mediante escrito remitido ao Congreso dos Deputados o pasado 9 de setembro, vetou a tramitación dunha proposición de Lei para evitar a conxelación das pensións contributivas en 2011.

A conxelación, imposta polo Goberno mediante o RDL 8/2010, pretende aforrar a custa dos pensionistas 1.400 millóns de euros no Réxime da Seguridade Social e outros 130 millóns adicionais no Réxime de Clases Pasivas do Estado.

A conxelación decretada polo Goberno vai erosionar gravemente o poder adquisitivo de 5 millóns de pensionistas que, en virtude dunha decisión unilateral do Goberno, vense privados do seu dereito á revalorización das pensións, que está establecida pola Lei 24/1997 de consolidación e racionalización do sistema da seguridade social, baseada, á súa vez, no Pacto de Toledo e no acordo entre Goberno e Sindicatos do 9 de outubro de 1996.

A conxelación resulta por completo inxustificada, xa que o Goberno ven insistindo no superávit da Seguridade Social. En 2008, segundo o propio Goberno, se rexistrou un superávit de 8.500 millóns de euros e en 2009, outro superávit de 8.000 millóns de euros, cantidades certamente superiores aos 1.400 millóns de euros que o Goberno quere recortar en prexuízo dos pensionistas.

A isto hai que engadir que o Fondo de Reserva das pensións establecido na Lei antes citada, está dotado con máis de 60.000 millóns de euros. É importante lembrar que dito Fondo se estableceu en 1997 para facer fronte a situacións de dificultade económica e crise tal e como agora está sucedendo.

Así pois a conxelación decretada polo Goberno carece de xustificación económica e legal. En consecuencia, faise necesario pedir ao Goberno que rectifique e suprima esta lesiva medida e deixe sen efecto o capítulo II (medidas de Seguridade Social) do RDL 8/2010, tal e como ven reclamando o Congreso dos Deputados por unha ampla maioría.

O Goberno, con todo, oponse a tramitar e debater a Proposición de Lei do Grupo Parlamentario Popular para que se suprima a conxelación das pensións, vetándoa de forma ilegal e inconstitucional.

Impedir que se debata esta Proposición de Lei en favor dos pensionistas é algo que carece de fundamento xa que, con arranxo ao artigo 134.6 da Constitución, o veto do Goberno só pode producirse cando unha proposición parlamentaria supoña *“un aumento dos créditos ou unha diminución dos ingresos no mesmo exercicio orzamentario”*.

En consecuencia, o veto carece de xustificación constitucional, non se sustenta en razóns económicas admisibles (hai superávit en Seguridade Social) e entra en contradición con poderosas razóns sociais, ao pór en cuestión o Pacto de Toledo.

Este Goberno non só recorta dereitos sociais dos sectores máis débiles e desfavorecidos polos efectos da crise económica, como son os desempregados, as nais e os pensionistas. Ademais ataca aos Concellos facéndolles pasar por culpables dun endebedamento do que só son responsables nun 6%, mentres que corresponde un 15.5% as CC.AA e o propio Estado acapara o 78.5% restante. É tamén o mesmo Goberno que non dubida en negar dereitos políticos á oposición, evitando que poida defender a súa alternativa ante os cidadáns.

Polo antedito, o Grupo Municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Instar o Goberno da Nación a:

1.- Levantar o veto á Proposición de Lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular, recollendo a vontade expresada reiteradamente polo Congreso dos Deputados de que non se conxelen as pensións en 2011.

2.- Respetar o dereito dos pensionistas á revalorización das pensións establecido por Lei 24/1997, de consolidación e racionalización da Seguridade Social, mantendo así o seu poder adquisitivo.

Segundo.- Dar traslado destes acordos ao Presidente do Goberno, aos Vicepresidentes do Goberno e aos Voceiros dos Grupos Parlamentarios nas Cortes.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de outubro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: O PSOE acusa diariamente ó Partido Popular de non apoiar ó goberno, vémolos constantemente nos medios de comunicación, din que poñemos paus na roda e que somos o partido do non. Ademais din que non temos alternativas e que non nos mollamos. Pero o que sucede é que cando presentamos alternativas a favor dos cidadáns, neste caso a favor dos pensionistas, os socialistas din que non e poñen o pau na roda mesmo da tramitación parlamentaria o que resulta máis que lamentable porque onde se debe escoitar a voz da cidadanía, a da soberanía popular, o Partido Socialista di que non. No que vai de lexislatura o goberno xa vetou trece proposicións de lei do Grupo parlamentario do Partido Popular, a última relativa ás pensións.

Hai que lembrar que a non conxelación das pensións xa se acordou pola Cámara en catro ocasións, pero ó Partido Socialista dálle exactamente igual, non queren

non conxelalas como adoita suceder tamén ás veces aquí coas mocións que se presentan e fan caso omiso do mandato que se recibe na Cámara, neste caso no Pleno, e cando se presenta unha iniciativa logo non se lle dá trámite.

Ademais o goberno remite un escrito o 9 de setembro vetando unha proposición de lei relativa á supresión do Capítulo II de medidas de Seguridade Social, do Real decreto lei 8/2010, de medidas extraordinarias para redución do déficit que se presentou xa o día 4 de xuño. A nosa iniciativa o que pretendía era evitar a conxelación das pensións prevista para o ano 2011, cousa na que coído deberíamos estar todos de acordo porque non só é rebaxar ese nivel adquisitivo dos cidadáns en situación de pensionistas, senón que ademais lles subimos o IVE e está a subir o IPC. Estamos afogando a economía de moitas familias e máis nunha sociedade como a nosa que se atopa francamente avellentada.

O que pedimos coa nosa moción é instar ó goberno da Nación a que se levante o veto á proposición de lei presentada polo Grupo parlamentario Popular recollendo a vontade expresada reiteradamente polo Congreso dos Deputados de que non se conxelen as pensións para o ano 2011, que se respecte o dereito dos pensionistas á revalorización das pensións establecidas pola Lei 24/1997, de consolidación e racionalización da Seguridade Social mantendo así o seu poder adquisitivo.

En segundo lugar que do acordo deste Pleno, que supoñemos vai ser apoiado por vostedes porque estarán a favor de que os pensionistas vexan mellorada a súa capacidade adquisitiva para o ano 2011, se lle dea traslado ó presidente do Goberno, ós vicepresidentes e ós voceiros dos grupos parlamentarios das Cortes.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Precisamente foi o 9 de marzo deste ano cando o BNG trouxo a este Pleno unha proposta pola que se instaba precisamente ó que vostedes están instando. Chegan vostedes un pouco tarde, Sr. Conde Gil, porque no fondo de todo isto está que vostedes pensan exactamente o mesmo que o Partido Socialista e están de acordo. Outra cousa é que electoralmente nestes momentos non quede ben falar de conxelación de pensións e entón están a facer o xogo electoral e dicindo que vostedes se opoñen á conxelación das pensións. Realmente gustaríame ver que farían de estaren no goberno da Nación,

probablemente o mesmo porque foron vostedes coas súas políticas neoliberais, Sr. Conde Gil, quen provocaron a crise económica mundial na que estamos, foi a dereita neoliberal da que é adaiñ o Partido Popular a que nos meteu precisamente na problemática na que estamos e son os sectores máis desfavorecidos, os nosos pensionistas, os nosos traballadores, os que están pagando severamente a crise e a isto sempre se opuxo e sempre se oporá o Bloque Nacionalista Galego e por iso trouxemos a moción en marzo deste ano para votar en contra do sistema de conxelación de pensións.

Diciamos iso porque pensamos que o obxectivo do goberno do Estado ó presentaren esta reforma das pensións é contentar ós mercados, a eses mercados neoliberais que están a provocar a crise. O que quere o Sr. Rodríguez Zapatero, os señores do Partido Socialista no goberno do Estado español, é garantirles a eses mercados financeiros que repito que nos levaron á crise que o Estado ten capacidade para financiar a súa débeda pública no futuro. Polo tanto propónse a revisión do Pacto de Toledo e atrasar a idade de xubilación de 65 a 67 anos.

Para nós a proposta do goberno español parte dunha premisa na que ademais se di que a situación financeira da Seguridade Social é positiva e nestes momentos hai unha reserva de 62.000 millóns de euros e un superávit nos anos 2008 e 2009 de 8.000 millóns de euros. Polo tanto preguntámonos, por que razón hai necesidade deste momento de incrementar a idade das pensións? A non ser que para contentar a todas as políticas da dereita, ó Fondo financeiro internacional.

Dende o BNG consideramos que o actual sistema de pensións é sólido e ademais é solvente e que aínda que poden ser necesarias algunhas reformas opoñémonos de fronte a unha reforma que aumente a idade de xubilación dos 65 ós 67 anos.

Pensamos que esta é unha medida absolutamente regresiva, inoportuna, insolidaria e desproporcionada. Mesmo como concelleira de Benestar preguntolle se hai unha xubilación, unha conxelación de pensións, sobre quen vai recaer esa perda de poder adquisitivo que van ter os nosos maiores? Que imos facer para lles proporcionar un mínimo de calidade de vida? Imos darlles a eles tamén bolsas de comedor para que poidan comer? Que imos facer con eses maiores que non van poder pagar nin o servizo de axuda a domicilio, nin todo o demais que

teñan que facer? Esta é a cruel realidade. Por iso nós pensamos que non ten sentido esa conxelación de pensións, nin tampouco a conxelación de pensións futuras.

Estando polo tanto de acordo con parte da moción, propoñémoslles que votemos por separado a primeira parte do punto un e estaríamos dispostos a apoiar o apartado dous do primeiro punto e o segundo punto.

Esta é a nosa proposta, señores do Partido Popular.

SR. LÓPEZ FONT: escoitar ó Partido Popular defender ós pensionistas non resulta en absoluta crible, Sr. Conde, porque durante os oito anos do goberno do Sr. Aznar podería vostede contar aquí cales foron os incrementos das pensións nese tempo. Por outra banda, amosa unha certa incapacidade política traer esta moción ó Pleno do Concello de Vigo cando realmente parecía vostede un parlamentario, é dicir, que os seus deputados e senadores lle teñan que encomendar a vostede a tarefa de defender este tema no Pleno do Concello de Vigo en primeiro lugar amosa que moi pouco teñen que dicir sobre o que realmente está ocorrendo na cidade.

Sr. Conde, se alguén, se un partido político se caracteriza pola defensa dos pensionistas e por incrementaren o gasto social, ese é o Partido Socialista, xamais o Partido Popular.

Voulle dar uns datos que xa lle din noutra ocasión: en seis anos do goberno de José Luís Rodríguez Zapatero incrementouse en tres puntos do Produto Interior Bruto o gasto destinado a cuestións sociais. De cando gobernaba o Sr. Aznar, pasouse de 114.000 millóns de euros a 180.000 millóns de euros. Isto é o certamente importante. O que lles debería preocupar a vostedes é a economía deste país, non arruinar este país e vostedes no Parlamento español, cando este País necesitaba adoptar medidas económicas solidarias fronte á crise mundial na que estamos inmersos, vostedes votaron en contra.

Vostedes non están por recuperar a economía deste País, non están pensando no poder adquisitivo dos pensionistas, senón que sinxelamente están pensando en torpedear a este goberno.

É absolutamente falso o texto da súa moción, Sr. Conde. As pensións mínimas

incrementábase nun 1% e iso teno que dicir. O conxunto do gasto social en pensións incrementábase nun 3,6% en tempo de crise, Sr. Conde.

Os socialistas loitamos polas pensións e polas pensións máis baixas como nunca o fixo o Partido Popular. Os pensionistas sábeno porque cando deixou de gobernar o Sr. Aznar a pensión mínima dunha persoa con 65 anos era de 6.788 euros; só en cinco anos do Sr. Rodríguez Zapatero pasou a 10.152 euros. Estas si que son políticas sociais para favorecer ós pensionistas e non o que fixo o Sr. Aznar. O gasto social incrementouse nos gobernos de José Luís Rodríguez Zapatero nun 50% e isto é o verdadeiramente importante.

O verdadeiramente importante sería que vostedes arrimasen o ombro para consolidar e racionalizar o sistema da Seguridade Social. Vostedes están enganando ós cidadáns, non pretenden e é un discurso demagórico manter o poder adquisitivo dos pensionistas. Nós en troques si o estamos a facer, si o fixemos durante cinco anos, durante cinco orzamentos a nivel do Estado español e si estamos pola solidariedade cos pensionistas, polo incremento das pensións baixas que vostedes deixaron certamente baixas.

Sr. Conde, eu creo de verdade que os asesores do Partido Popular lle recomendaron ó Sr. Rajoy que se quede na cama. Máis vale que vaian saíndo da cama, que se poñan a traballar por este país, que se deixen de demagogia con respecto ós pensionistas e que digan toda a verdade. A verdade é esta: as pensións só por un ano se manteñen nos seus límites actuais, as pensións mínimas que son as que precisan dun maior esforzo por parte do goberno, incrementábase nun 1% e o conxunto do gasto social nun 3,6%.

A PRESIDENCIA: Sr. Conde Gil, lémbrese de responder á petición do Grupo do BNG sobre separación de votación.

SR. CONDE GIL: Imos pedir a votación conxunta.

Sr. López Font, vostede está un pouco obsesionado coas camas. Noutro Pleno falou de camas e de poesía e hoxe fala da cama. Igual quen se tiña que meter na cama sería o Sr. Rodríguez Zapatero para non prexudicar os intereses dos españois, debería quedar durmido e non molestar porque o único que está a

facer é afundir o país. Estabamos na “Champions League” da economía, nós eramos uns anti-patriotas e vostedes os salvadores da patria.

Sr. López Font, ten a memoria un pouco fráxil e igual tamén ten que facer un pouco de historia para o máis recente porque o que pasou foi que no ano 96 sendo o Sr. Solves ministro de Economía e vicepresidente do Goberno recomendáballes ós cidadáns que se fixesen un plan privado de pensións porque a caixa da Seguridade Social estaba afundida. Cando chegou o Partido Popular ó goberno o que tivo que facer foi pedir un préstamo para pagar as pensións e asinouse o Pacto de Toledo. Gracias ó Partido Popular os cidadáns poden respirar tranquilos e saben que as súas pensións teñen que estaren garantidas. Pero o que fan vostedes é rebaixarlles o seu poder adquisitivo porque lles soben os impostos, porque o IPC está a subir constantemente, porque a medida de subir o IVE foi un erro.

Pero vostedes son tan ególatras, tan indignos como xa dixo vostede antes, que non o recoñecen e queren que os seus pratos rotos, a súa nefasta xestión económica neste país paguémola todos e a paguen tamén os pensionistas ós que non só se lles rebaixa o poder adquisitivo conxelándolles as pensións, senón que tamén se lles sobe o IVE, o IPC e o imposto da renda das persoas físicas. Iso é unha indignidade, Sr. López Font.

Ademais recentemente asistimos ó mesmo: o Sr. Corbacho pedindo que se faga un plan de pensións privado. Estamos nun ciclo. Vostedes deixaron o país como un solar no ano 96, non se cumpría ningún dos requisitos para entrar na moeda única e o Sr. Aznar con traballo, como di vostede saíndo da cama para traballar e preocuparse polo interese dos cidadáns e non para os prexudicar, conseguiu sacar ó país cara adiante. E como “obras son amores e non boas razóns” quérolle lembrar que o Partido Popular gobernando na Xunta de Galicia decidiu actualizar nun 3% as pensións a case 50.000 galegos que van cobrar unha paga este vindeiro mes de novembro cunha media de 206 euros por pensionista. Iso é traballar por e para os cidadáns.

Non podemos admitir a votación separada porque a vontade expresada tanto no Parlamento como aquí ten que se respectar e que o goberno vete a tramitación dunha proposición de lei, que ademais é mentira a aplicación que...

A PRESIDENCIA: Rexeitado o pedimento de votación separada, procedemos á votación do punto 5.5 en conxunto tal e como está proposto na moción.

(No momento da votación está ausente a Sra. Abelairas Rodríguez, do Grupo Socialista)

VOTACIÓN E ACORDO.- Con trece votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, así como dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo Municipal do PP Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, instando ó goberno da nación a levantar o veto á proposición de lei presentada polo Grupo Parlamentario Popular para que non se conxelen as pensións no 2011, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.6.- (251).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO DO GOBERNO DE ESPAÑA A MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTOS PARA O ANO 2011. (REXISTRO PLENO Nº 50).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de outubro, número 50/2010, o concelleiro do Grupo Municipal Popular, Sr. Conde

Gil, formula a seguinte moción:

“Os orzamentos do Estado para o ano 2011 prexudican moi seriamente o futuro da nosa cidade e no son dende logo os orzamentos que Vigo merece, empeorando incluso substancialmente as previsións orzamentarias do pasado ano 2010 para o próximo ano 2011.

Dende o Partido Popular temos a preocupación da parálise e mesmo desaparición de proxectos vitais para a nosa cidade en temas tales como o aeroporto da cidade, a Biblioteca Pública do Estado, a rexeneración de Samil e Alcabre, a pervivencia do Instituto de investigacións mariñas, a posta en marcha do polígono industrial Matamá-Valladares, o chamado Porto Seco Salvaterra-As Neves, a autovía Vigo-Porriño, a ampliación da AP-9, a nova autovía Vigo-Pontevedra (A-59), acceso a Peinador dende a AP-9, o AVE tanto á meseta como o Eixo Atlántico, etc.

Por todo isto propoñemos ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte acordo:

Instar ó Goberno de España para solicitarlle que modifique o proxecto de orzamentos para o próximo ano 2011 a fin de incluír partidas reais e axeitadas á cidade para o seu desenvolvemento no vindeiro ano 2011.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 18 de outubro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. CONDE GIL: Agora imos falar de orzamentos aínda que me parece increíble que o goberno da cidade de Vigo estea en contra de que lles suban as pensións ós cidadáns, pero xa responderán vostedes ante eles nas urnas que é onde se deciden estas cousas.

Os orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 dende logo non xeran emprego para a cidade de Vigo, son uns orzamentos absolutamente demenciais, atrásanse a maioría dos grandes proxectos para a cidade, pérdense os principais investimentos previstos en anos anteriores, non hai novos proxectos para Vigo, amósase o pouco ou nulo peso político do alcalde e os vigueses van pagar máis impostos e recibir menos, e os pensionistas aínda a maiores.

Podemos poñer casos concretos: a biblioteca pública do Estado, da que aínda non coñecemos a súa localización. No proxecto de orzamentos do ano pasado estaba previsto para este ano incluír unha partida de 4.600.000 euros que este ano se converte en 20.000 euros. Non sei se van mercar unha ou dúas enciclopedias

para a biblioteca porque ó final os 20.000 euros supoño que serán para o que chegue.

En canto ó saneamento da ría de Vigo, aquí se cumpre polo menos co convenio asinado entre Aquanorte, a Xunta e o Concello; agardemos que a nova ministra do ramo respecte esta medida. Do aeroporto de Peinador o único que lles preocupa é o aparcadoiro que por riba está baleiro. O investimento da terminal mentres que en Vigo se invisten 22 millóns de euros, a Santiago se lle dan 87,8 millóns, vinte veces máis. Isto é o que lle preocupa a D. José Blanco o tema da terminal do noso aeroporto.

Se imos ó Ministerio de Medio Ambiente tres cuartos do mesmo, redúcense as partidas. O Consorcio da Zona Franca é un tema preocupante, non se reservan partidas para os alleamentos necesarios para a ampliación do parque tecnolóxico co que a cidade de Vigo se vai ver prexudicada e desaparece a partida para a ampliación do polígono de Balaídos que estaba cifrada en 22 millóns de euros e substitúese por unha partida de mellora do Polígono de Balaídos cifrada en 582.000 euros para o 2011. Pregúntome que vai pasar cando Citroën pida ampliar porque ademais o alcalde lle prometera que cando quixera ampliar as instalacións alí ían estar os terreos. Que vai pasar con iso? Que medida xeradora de emprego é esa, Sr. Alcalde? Ademais non se prevé partida para a posta en marcha do polígono Matamá-Valladares, como tampouco para a Plisan, nin para moitas outras cousas.

A autovía Vigo-O Porriño: prevíanse para o 2011 no orzamento do ano pasado dous millóns e medio de euros, este ano rebaixaron a 500.000 euros e o custe total da actuación estimábase en 110 millóns de euros; non hai consignacións para anos sucesivos co que semella que o dan por liquidado. A ampliación do AP-9: 40.000 euros. Incrible, non sei para que van dar porque o Plan Íntegra cifraba o investimento en 137 millóns de euros, dos que 110 millóns correspondían á ampliación da ponte. A autovía A-57, tres cuartos do mesmo; a autovía A-59 tamén.

O acceso a Peinador dende a AP-9 é de nota porque se prevía para o ano 2010 un investimento para o próximo exercicio presupostario do 2011 de 4.700.000 euros e o que aparece consignado nos orzamentos do 2011 son 134.100 euros. Non

sabemos se será para un carril-bici porque para outra cousa cremos que non vai dar. Ó Eixe Atlántico Vigo-Pontevedra, Vigo-fronteira e Vigo-Ourense, Sr. Alcalde, non lle fan caso, dende logo non está garantido; vostede prometeu o AVE no 2012 e se o temos no 2018 coido que nos poderemos dar “cun canto nos dentes”.

Polo tanto o que queremos, dado o preocupante destes orzamentos, é que traballemos como dicía antes o Sr. Domínguez Olveira todos unidos e pidamos todos unidos ó goberno de Madrid que se inclúan as partidas que Vigo necesita e se merece. Por iso traemos ó Pleno esta moción.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Paréceme moi ben, Sr. Conde, que vostede pida que nos orzamentos xerais se inclúan as partidas que necesita Vigo. O que está claro é que vostede sae dun orzamento xeral do Estado distinto do que acaba de contar e distinto do que realmente se acaba de aprobar, porque ou mente como un “bellaco” ou leu outro documento completamente diferente porque todas esas actuacións que vostede pon en dúbida se se van ou non facer, absolutamente todas aparecen recollidas tanto no documento de orzamentos como na memoria. Por iso digo que se lea ben a memoria e o documento e verá como aparece todo. Como aparece o acceso ó aeroporto da AP-9 e se analiza o orzamento do ano pasado verá como tamén aparecen os 92 millóns de euros para o aeroporto de Vigo, tanto para a terminal que se está a facer xa, como para o aparcadoiro. Pero verá tamén como aparece a ampliación de Rande.

Eu aquí teño a dúbida porque vostede pon ampliación da AP-9, eu preguntome se vostede está pedindo outra cousa cando pide isto ou cando se pide a ampliación da ponte de Rande, porque, que eu saiba por alí pasa a AP-9. Ata agora eu vin que vostedes están en contra da ampliación da ponte de Rande e polo tanto debo recoñecer que me ten vostede completamente descolocada. Pero aparece tamén a autovía a Pontevedra, aparece recollida tamén a autovía a O Porriño, a estación de Urzáiz, o AVE Vigo-Ourense por Cerdedo, a depuradora, os investimentos no Porto, a biblioteca do Estado e Zona Franca. En total máis de 100 millóns de euros para a cidade.

Quérolle lembrar unha cifra. Cando gobernaba o Sr. Aznar investíanse nesta

cidade 20 millóns de euros e iso era o que gastaba o goberno de Aznar nesta cidade. Nestes últimos anos Zapatero nesta cidade investiu máis de 1.200 millóns de euros. Por suposto que se pode queixar porque canto máis diñeiro lle dean a esta cidade, mellor, porque estamos aquí para defender a esta cidade, pero eles eran os que investían 20 millóns de euros en Vigo e foron eles coa Sra. Porro ó fronte os que defenderon que o AVE fose por Santiago e para ter que vir Vigo teríamos que dar toda unha reviravolta; foron eles os que defenderon ese tipo de AVE.

Tamén houbo moitas presións para facer a depuradora porque se aparece no orzamento a depuradora é porque nos tivemos que pelexar coa Xunta para que por fin asinara o convenio.

Por iso eu lle recomendo, Sr. Conde, que lea de novo os orzamentos e a memoria porque vostede colle calquera xornal de Vigo, sexa máis ou menos vigués, e en todos eles aparecen consignadas as partidas dos orzamentos para Vigo xa o 1 de outubro e vostede na súa moción do 12 de outubro di que non ven nada. Recomendolle que lea e que lea ben.

Recoméndolle outra cousa: que se lea os orzamentos da Xunta e que o mes que ven traia outra moción porque os orzamentos da Xunta si que son moi graves, neles a Vigo se nos dá un 2% do investimento cando Vigo representa en poboación un 10% e en economía un 15%. Ademais se achegan partidas que aprobou o Sr. Touriño nun convenio. Se o Sr. Conde pon en dúbida o convenio de Sra. Espinosa pola depuradora entón eu tamén vou poñer en dúbida o convenio que se asinou co Sr. Touriño porque é o mesmo, convenio asinado antes con compromiso legal, exactamente igual. Non só aparece iso, senón que aparecen consignadas Baiona, o carril-bici cara Baiona, O Morrazo..., iso todo aparece en Vigo, para iso queren a área metropolitana, para meter a Vigo como quen que somos o grande investimento.

Pero o peor do orzamento da Xunta está no documento que teño aquí onde o vermello é o que se vai investir en Vigo e o azul o que se inviste na Coruña e o verde o que se inviste en Santiago. Estes son datos exactos sacados da Consellería de Facenda.

Por iso alégrome, Sr. Conde, que presente unha moción de orzamentos de Estado

dicindo que teñen que investir máis, pero presente tamén outra da Xunta para que invista en Vigo o que corresponde e non o que teño aquí porque iso si que é de vergoña.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que polo menos en algo nos puxemos de acordo con estas dúas intervencións. En primeiro lugar que hai que lle pedir máis, todos lle temos que pedir máis ó goberno do Estado e temos que lle pedir máis ó goberno da Xunta. Este é un bo principio de acordo que evidentemente sei que logo da demagogia e electoralismo do Partido Popular neste tema en concreto, non se vai chegar a ese acordo.

Quero comezar dicíndolle, Sr. Conde, que nós sempre estaremos en contra da conxelación das pensións, pero nunca imos ir detrás de seu na demagogia e no electoralismo. Puidemos ter aprobado un acordo con vostedes reclamando esa non conxelación e vostedes politicamente decidiron non votar por separado un tema que dicía que se levantase un veto no Parlamento. Nin eu, nin ningún dos que estamos aquí temos ningún tipo de capacidade para levantar ningún veto no Parlamento, eses son trámites parlamentarios.

Cada quen ten que defender a súa cidade como considere. Dende o BNG dicimos claramente que os orzamentos do Estado non nos gustan e por iso votamos en contra e por iso, tanto a deputada D^a Olaia Fernández coma min, acabamos de presentar unhas emendas para mellorar estes orzamentos. Así é como hai que traballar defendendo á cidade. Non nos gustan estes orzamentos porque dende o noso punto de vista non son os orzamentos contra a crise, non son uns orzamentos polo emprego. Non nos gustan estes orzamentos porque non se pode estar falando de saír da crise e gravar precisamente ás clases menos favorecidas esa saída da crise. Non se pode falar de redución do gasto e unha vez máis territorios como Vigo e Galicia seguen a ser discriminados con respecto a outros territorios do Estado español. Por iso nós non votamos a favor dos orzamentos do Estado e por iso acabamos de presentar unhas emendas de case dez millóns de euros para tentar mellorar estes orzamentos.

É certo o que dicía a concelleira de Facenda, aparecen e aparecen pero aparecen sempre con partidas que o único que van traer é o freo destas infraestruturas

básicas. Claro que aparece a ampliación da AP-9, pero nós dicimos que aparece unha ampliación extra-orzamentaria porque a imos pagar os vigueses e as persoas do Morrazo dúas veces porque se lle pretende ampliar a concesión a Audasa, é dicir, se pretende que sigamos pagando unha vergoñosa peaxe a unha empresa que ten amortizado sobradamente o investimento feito na AP-9.

Por isto e por outras razóns nas que non me vou estender nós non votamos a favor destes orzamentos pero repito que non imos estar detrás de seu na demagogia e no electoralismo porque as políticas económicas que se presentan nos orzamentos do Estado e coas que nós estamos absolutamente en contra, son as mesmas políticas económicas que para Galicia fixo o Partido Popular cando estivo a gobernar e que está a facer o Partido Popular agora mesmo cuns orzamentos da Xunta.

Se os orzamentos do Estado foron unha mala nova para Vigo, os orzamentos da Xunta foron unha moi mala nova para Vigo, unha tremenda nova para Vigo porque unha vez máis se discrimina á cidade máis importante de Galicia. Dígame vostede, Sr. Conde Gil, rétoo a que me diga unha soa medida, un novo proxecto nos orzamentos da Xunta para esta cidade. Unha soa medida para incentivar o emprego, cousa da que vostedes tanto acusan ó alcalde, como vostedes tamén teñen competencia nisto, dígame unha soa medida que apareza nos orzamentos para potenciar a nosa economía.

Polo tanto, Sr. Conde Gil, eu difiro da concelleira de Facenda nunha cousa: non hai que agardar un mes. O que lle digo é que se vostede realmente está aquí defendendo á cidade e non facendo electoralismo, eu e o Grupo municipal do BNG votámoslle esta moción se ó que vostede di de “Instar ó goberno de España para lle solicitar que modifique o proxecto de orzamentos para o próximo ano 2011 a fin de incluír partidas reais e axeitadas á cidade para o seu desenvolvemento no vindeiro 2011”, engádelle “Instar ó goberno de España e á Xunta de Galicia a que tamén modifique o seu orzamento para esta cidade”. Se vostede achega isto estará defendendo Vigo, se o non achega non llo imos votar por demagogia e porque vostede estará defendendo única e exclusivamente ó Sr. Núñez Feijóo.

SR. CONDE GIL: Eu coidaba que estabamos aquí para falar dos orzamentos xerais do Estado, pero xa maxinaba que tanto o Partido Socialista como o Bloque Nacionalista Galego ían derivar o debate cara a Xunta de Galicia.

Sr. Domínguez Olveira, eu o que me pregunto é por que outros anos apoiaron vostedes os orzamentos xerais do Estado do Sr. Zapatero? Eran bos? Por favor, que investimentos houbo en Vigo pola parte do Sr. Rodríguez Zapatero?

Unha vez máis a Sra. Díaz me acusa de non saber ler. Non me gustaría entrar nese tema pero as cousas están aí. Eu non necesito ler ningún xornal, Sra. Díaz, nin eses ós que menciona vostede porque que eu saiba todos os xornais que se venden en Vigo teñen edición en Vigo, aínda que a vostede a traizoe o subconsciente. Eu non os preciso ler porque a información está no Boletín e é gravemente prexudicial para a cidade de Vigo. Vostedes son tan “coherentes” que o Sr. Domínguez Olveira presume aquí de que vai presentar unha emenda de dez millóns de euros ós orzamentos pero vai votar en contra por non facer “seguidismo”, di.

Vostedes non están a favor da cidade de Vigo. Vostede está en campaña electoral pero ademais nunha campaña de perfil porque parece vostede papel de fumar que pasa polos sitios a veren se se lle engurra e ó final se vai ter en engurrar, Sr. Domínguez Olveira, terán que ter vostedes un criterio porque non o teñen. É vergoñento que vostedes en Madrid voten en contra dos orzamentos xerais do Estado. Primeiro di que nós non temos capacidade de presentar nada en Madrid pero logo presume de que presentou vostede e a deputada Olaia Fernández unha emenda ós orzamentos. Podemos ou non? Póñanse de acordo porque dixo Olaia e máis eu, díxoo vostede, Sr. Domínguez Olveira, está aí a acta, díxoo vostede. Pero vostede prefere pasar de canto para dar a imaxe de unidade dun goberno que a verdade non a ten.

Sra. Díaz, de haberen depuradora en Vigo vai ser gracias a D. Agustín Hernández, conselleiro da Xunta de Galicia. Eu invitaríaa a que lea correctamente os orzamentos xerais do Estado que son gravemente prexudiciais. Pero xa se ve que ó Sr. Caballero antes non lle collían o teléfono con Vulcano pero é que non llo collen con nada, non ten ningún peso político en Madrid. E xa vimos un día que o Sr. Rodríguez sobrevoou sobre o “niño do cuco” e nin sequera aterrou para

falaren con el.

A PRESIDENCIA: Hai unha proposta de emenda “in voce” do BNG de engadir “Xunta de Galicia” ó texto. Non se acepta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Popular Sra. Iglesias Bueno).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e doce votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Conde Gil, solicitando do Goberno de España a modificación do proxecto de orzamentos para o ano 2011 co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (252).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de setembro e 25 de outubro de 2010.

1.2.- (253).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellarías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de setembro e 25 de outubro de 2010.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se formulan.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (254).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOLICITANDO QUE OS APARCADOIROS DE PRAZA DE PORTUGAL E PORTA DO SOL PASEN A SEREN ESTACIONAMENTO PARA RESIDENTES. (REXISTRO PLENO Nº 51).

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 13 de outubro, número 51/2010, o concelleiro do Grupo Municipal Popular, Sr. Coello

Bufill, formula a seguinte moción:

“Ante a pasividade do goberno municipal que non remata de solucionar o grave problema do aparcamento para os residentes no casco histórico, o grupo municipal do Partido Popular, que presentou unha moción en marzo deste ano ofrecendo unha alternativa que ata o momento foi rexeitada e non se debateu no Pleno, quere incidir unha vez máis na urxente necesidade de arranxar a situación.

O goberno ten a posibilidade nas súas mans de rescatar as concesións dos aparcadoiros de Praza de Portugal, que neste momento esta a punto de vencer a prórroga de tres meses concedida, e Praza do Sol, que ten tempo ata 2015 para que o Concello estude a fórmula para convertelo en aparcadoiro onde poidan estacionar os residentes do casco histórico.

A perda de máis de 1.500 postos de estacionamento en superficie coas masivas humanizacións sen alternativa ningunha para os residentes e a "limpeza" indiscriminada na zona vella da cidade, está a alterar aos vigueses, xa que non atopan medidas por parte do goberno que poidan paliar que facer cos vehículos que teñen que quedar nas rúas.

Unha política a de tráfico que non ten nin pés nin cabeza. A previsión non existe e funciónase a impulsos cando os problemas os xera quen toma as erradas decisións. Vigo necesita un plan de estacionamentos que de servizo os residentes. E agora mesmo o casco histórico no pode esperar máis.

Por todo isto o Grupo municipal do Partido Popular propón ao Pleno da Corporación do Concello de Vigo que se adopte o seguinte acordo:

Que de maneira inmediata se adopten as medidas oportunas para que o aparcadoiro de Praza de Portugal pase ser estacionamento para residentes, e o mesmo co da Porta do Sol ao seu vencemento para atender a demanda dos residentes do casco histórico.”

A comisión informativa de Mobilidade, en sesión do día 18 de outubro, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- SR. COELLO BUFILL: Alcalde, está vostede en tempo de desconto, de prórroga e iso nótaselle; présas de última hora, como o equipo de fútbol que non gañou no tempo regulamentario lle quere dar a volta ó partido. Pero non teñen ideas, non traballaron pensando nos cidadáns, xeraron a desconfianza que se traslada á opinión pública; as enquisas non remontan. Falarei das prórrogas que outorga o alcalde de Vigo en concesións administrativas: prórroga de tres meses

no aparcadoiro da Praza de Portugal. A concesión rematou en agosto, vostede prorrogouna tres meses máis ata novembro, agora ata maio de 2011, seis meses máis, case un ano en total e o prego non contempla as prórrogas. Coido que isto administrativamente é un escándalo.

Presentamos esta moción en marzo deste ano. Non nola deixaron debater democraticamente. Nela pediamos e pedimos agora que de xeito urxente se adopten as medidas oportunas para que o aparcadoiro da Praza de Portugal pase seren estacionamento para os residentes e o mesmo co da Porta do Sol, para atender a demanda dos residentes do casco histórico.

Como o seu concelleiro nunca fai os deberes, non os fixo e non os fará nunca, sempre chega tarde a todo e deu boas mostras diso durante todo o mandato porque, cando sacaremos o prego de sinalización vertical e horizontal? Pasaron preto de catro anos e aínda está no tinteiro, aínda está en Patrimonio. Unha vez máis pasou o tempo, neste caso foron nove meses.

3. Alcalde, a quen benefician as prórrogas? Ós residentes? Digo rotundamente que non. Ós cidadáns? Rotundamente digo que non. A quen? Á empresa? Vai seguir facendo caixa as vinte e catro horas do día; mañá, tarde e noite e así ata nove meses e, con que abeiro legal? Sáltanse todos os regulamentos e leis. Ve vostede este documento que teño aquí? Non di nada, non hai unha soa liña de informe dos departamentos xurídicos nin de Patrimonio que son vitais para o control desta Casa, para o control dos actos xurídicos e administrativos de todos os que nos sentamos aquí. Estamos a falar do remate dunha concesión e da prórroga dun contrato que, Sr. Alcalde, por se vostede non leu ou non o informou suficiente o seu concelleiro, dígolle que se basea nunha lei de 1953 pre-constitucional, xa derogada, da Lei de administracións públicas. Ademais o único informe que se emite di claramente que está derogada.

Tomen a decisión política que nós propoñemos, déanllo ós residentes, aparcadoiro para residentes é a decisión do Partido Popular. Digan que queren facer con eles non o baseen nun estudo que lle encargaron a unha asistencia técnica cun custe de 17.000 euros. O aparcadoiro está amortizado, agora mesmo se pode pechar coa chave. Por que ese estudo se é municipal? Que rendibilidade se busca se o aparcadoiro está amortizado? Para que serve ese estudo? Voulles

contestar: para gastar 17.000 euros. Malgasto, gasto innecesario e dilapidación porque non cabe ningún estudo, Sr. Calviño, chega tarde e é innecesario. A partir de novembro iso é patrimonio dos vigueses, da cidade e a partir dese momento vostede terá que decidir que quere facer, se o quere xestionar con economía mixta, pública ou privada como tanto se debateu aquí.

Está malgastando 17.000 euros e pónolle un exemplo que entenderá. A emblemática rúa do Príncipe é pública. Podemos debater se a facemos peonil, debater se a poñemos en dobre ou nun só sentido, pero é pública e o aparcadoiro é do propio municipio e por riba non acudiu a técnicos municipais e o Sr. interventor, a Sra. Secretaria que están aquí, ata o último subalerno..., son uns magníficos técnicos e vostede lle encarga por 17.000 euros a unha empresa para que lle diga que é o que ten que facer co aparcadoiro cando é municipal.

SR. CALVIÑO RODRÍGUEZ: Non vou dicir como sempre que me sorprendo das intervencións do Sr. Coello. En todo caso que empece dicindo que non lle deixamos debater unha moción cando aquí está a acta do Pleno do 31 de maio onde se debateu a moción que vostede presentou que, por certo, xa se baixou un pouco da burra porque naquela moción vostede propoñía o rescate das concesións dos aparcadoiros da Porta do Sol e da Praza do Portugal coa finalidade de ofrecer as súas prazas a residentes do contorno. Coido que vostede coñece as repercusións que iso tería pero a debatemos, debateuna co concelleiro de Patrimonio, eu non tiven a oportunidade de debater con vostede porque as concesións en principio son de Patrimonio. Aí volveu aceptar un pequeno erro porque o tema de que os aparcadoiros estea na miña delegación, na miña concellería, foi algo que en todo caso non explicaba o tema das concesións e por iso hai un certo atraso.

Non o facemos todo ben, Sr. Coello, e asegúrolle que son o primeiro en recoñecer que non o facemos todo ben, pero si facemos ben case o 99% das cousas. Non lle podo aceptar a vostede que chegamos tarde porque chegamos permanentemente resolver enormes problemas que tiña esta cidade, pero en todo... Vostedes presentaron aquí mocións de todo tipo, a XER está resolta e estanos a aplaudir, os temas da Policía están resoltos e estannos a aplaudir;

todos os temas, absolutamente todos están resoltos e ben felizmente, pero vostede se ampara en non sei que cousa.

Aínda que non está aí o Sr. Figueroa, eu dígolle que non hai as tales prórrogas das que está falando. A concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal é en novembro e hai un acordo do Pleno, por certo daquela estaba o Sr. Figueroa e estaba eu que son un pouco máis vello, el leva toda a vida no Concello, eu tiven un descanso, saín do Concello e volví, pero ese acordo está aí dende novembro e o feito é que, recoñézollo, non tiñamos medios suficientes para resolver o tema con toda a celeridade e por iso, de acordo estritamente con informes xurídicos, que para iso teño técnicos xurídicos no meu departamento, temos un informe que indica que é perfectamente legal e senón recorra ou faga vostede o que queira, pero o que é obvio é que nos queremos que ese aparcadoiro siga funcionando ata que se resolva a concesión.

A concesión está en marcha, iso é o que lles doe a vostedes e tamén saben que Contratación, Patrimonio e Asesoría Xurídica, departamentos ós que hai que aplaudir, con este goberno están traballando ó douscentos por cento do que traballaban con vostedes porque lles estamos dando moito traballo, entre outras cousas para crear postos de traballo, e están os temas evidentemente cun certo atraso. Pero o que lles doe é que a concesión do aparcadoiro da Praza de Portugal está en marcha. Dóelles que o fagamos con medio millón de euros para o poñer en boas condicións, que reservemos un 20% de prazas, 40 como mínimo, aínda que se reduza algunha na remodelación que se vai facer, que haxa 24 prazas para motocicletas; dicía o de 40 prazas como mínimo para residentes e dende logo cun modelo totalmente distinto ó de vostedes.

Vostedes sacaron un modelo para o Sr. Botín, nos dous lotes de seis aparcadoiros, de tres cada un, propuxeron un sistema de residentes que foi un absoluto fracaso porque ofertaron prazas de residentes para o Sr. Botín e non o digo de balde porque os únicos que se venderon foron para bancos ou as súas fundacións. Fixérono vostedes non pensando absolutamente no cidadán normal e corrente. Nós resolvémolo por outra vía, por bonos mensuais, por bonos que no prego de condicións quedará absolutamente claro que terán que ser dun importe ó menos un 35% máis barato que a media dos aparcadoiros do contorno co que non

marcamos a data porque agardamos que sexa o máis posible á baixa.

Iso é o que lles doe. Dóelles tamén que teñamos resolto o tema do Casco Vello, claro que o temos resolto, evidentemente, tamén temos prazas para residentes no Casco Vello cousa que vostedes non foron quen de facer na súa vida. Por certo, hai máis prazas agora que no seu tempo, cando vostedes gobernaban e vai haber tamén 30 prazas na Porta do Sol a prezo tamén moi por debaixo

SR. COELLO BUFILL: Sr. Calviño, a min non me doe nada, estou moi ben de saúde. É unha advertencia que lle fago. Dóenme algunhas decisións que vostedes non toman.

Eu pídlle que vostede tome a decisión de que o 90% ou o 100% do aparcadoiro da Praza de Portugal llo dea para os residentes, é o único que lle estou a pedir eu na miña moción.

Respecto dos aparcadoiros, como vostede sacou o tema dos seis aparcadoiros, dígolle que estou moi orgulloso de que esta cidade teña seis aparcadoiros a custe cero, cunhas humanizacións das que o Sr. Alcalde que preside di: “Caballero invitará a Ruíz Gallardón para que coñeza a mellor rúa de España”. Iso foi a custe cero, non nos custou nada e vostede votou en contra para que eses aparcadoiros non se estiveran a inaugurar hoxe como inaugura o Sr. Caballero, fíxese que contradición tan grande. Tamén vostede votou a favor da ampliación de licencias de taxis e agora pagamos máis dun millón de euros. A historia é para todos, non é a historia que vostede manexa, a historia é de todos os que nos sentamos aquí e vostede ten a súa historia.

Síntome moi orgulloso deses aparcadoiros a custe cero, máis de 72 millóns que crearon emprego estable na cidade. Tamén están as humanizacións de todo o contorno. Vostede foi o día da patroa da Garda Civil, estivo alí, pois aquel aparcadoiro inaugurado é formidable, quedou precioso.

En definitiva, a nosa proposta é a seguinte: “Que de maneira inmediata se adopten as medidas oportunas para que o aparcadoiro da Praza de Portugal pase a ser estacionamento para residentes e o mesmo co da Porta do Sol ó seu vencemento, para atender á demanda dos residentes do casco histórico”. Iso significa mellor calidade para os vigueses, que se teñan que rascar menos o peto.

Iso é o que estamos propoñendo e vostedes non resolven o tema do casco histórico porque o que lle dan é totalmente insuficiente. Esas 30 prazas que din que lle dan, a cambio de que? O que lles dan é insuficiente porque non chega nin para o 3% dos residentes dese contorno e da Praza de Portugal.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con catorce votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, Sres. e Sras. Alonso Pérez, Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro, Veloso Ríos, e trece votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez,

ACÓRDASE:

Rexeitar a moción formulada polo concelleiro do Grupo Popular, Sr. Coello Bufill, solicitando que os aparcadoiros de praza de Portugal e Porta do Sol pasen a seren estacionamento para residentes, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

Non se formulan.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e sete minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente,

conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv/rs

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.